



**ANUARIO
2025**

AGRUPACIÓN CULTURAL

ALEXANDRE BÓVEDA



**AGRUPACIÓN CULTURAL
ALEXANDRE BÓVEDA**



MEMORIA 2025

ACTIVIDADES DESENVOLTAS	3
AS NOSAS WEBS	70
A ACAB NA REDE: TECENDO COMUNIDADE DIXITAL	71
OS NOSOS CLUBS DE LECTURA	72
GRUPO DE TEATRO DE ACAB	73
ESPAZO EXPOSITIVO	73
MEMORIA HISTÓRICA	74
A GALIZA EXTERIOR	74
TECENDO REDES	75
A NOSA VOZ NAS ONDAS	76
CANTOS NA TABERNA	76
CLUB DE XADREZ	76
EDUCACIÓN E CULTURA: UNHA OLLADA ACADÉMICA	77
2026: O HORIZONTE DO NOSO 50 ANIVERSARIO	78

Outras historias do cinema: D. W. Griffith

Xoves, 9 de xaneiro - 19.30 h

O 22 de xaneiro de 1875 naceu en Kentucky, EEUU, David Wark Griffith, un pioneiro no desenvolvemento da linguaxe do cinema e como tal un dos creadores máis influentes da historia, admirado e respectado por cineastas de diferentes épocas, nacionalidades e ideoloxías. Celebramos os 150 anos do nacemento do autor de filmes tan celebrados como INTOLERANCIA e LIRIOS ROTOS, mais tamén de obras menos vistas como a comedia A BATALLA DOS SEXOS ou as súas películas sonoras, ABRAHAM LINCOLN e A LOITA. Esta actividade fixo parte do ciclo *Outras historias do cinema* que desenvolve Martin Pawley.



Inauguración da exposición *Vente vindo e ven cantando*

Venres, 10 de xaneiro - 19.00 h



Inauguramos o novo ano cunha exposición de 22 fotografías de M d'Outeiro.

Vente vindo e ven cantando é un intento de achegarse á inmensidade do patrimonio inmaterial do canto tradicional. Estas fotografías veñen a confirmar, dalgunha maneira, o xeito e a forma que temos de expresar os sentimentos, de ollar, relacionarnos ante demais, para recoñecérmolos como comunidade.

Estas fotos foron un xeito de sumarse á celebración da nosa música popular representada este ano 2025 polas CANTAREIRAS.

Cineclub Bóveda: *Carta dende Beirut (1978)*, de Jocelyne Saab

Luns, 13 de xaneiro - 19.30 h

Dentro do Cineclub Bóveda, proxectamos *Carta dende Beirut*.

Grazas á colaboración da Association Jocelyne Saab, que preserva e difunde a obra desta grande directora libanesa, afondamos un pouco máis no seu traballo como documentalista. *Carta dende Beirut* (1978) foi realizado tres anos despois do inicio da guerra civil no Líbano. A directora regresa á súa cidade por uns meses e vive unha estraña normalidade entre a guerra e a paz para tecer un retrato poético e humanista da vida cotidiana nun país devastado pola violencia.



A mensaxe das estrelas

Mércores, 15 de xaneiro - 19.30 h



Pese a cumprir xa 30 anos, as explicacións da evolución estelar que nos ofrece o vídeo *A mensaxe das estrelas* seguen plenamente viventes. Producido pola AS-PG, con locución de Lino Braxe, e premiado na Bienal de Cine Científico de Zaragoza achéganos, de forma didáctica, as claves de como se forman as estrelas e como se extinguen, dando pé aos pilares da vida. Acompañados por un dos seus autores, Ramón Vilalta, nesta sesión vimos o documental e aprendemos como cambiou a ciencia ao longo destes 30 anos.

O sector sanitario como obxectivo xenocida na Faixa de Gaza

Xoves, 16 de xaneiro - 19.30 h

Felipe Noya, de Médicos do Mundo, falounos da saúde en Gaza, un sistema sanitario baixo mínimos: os efectos dun xenocidio.

A Faixa de Gaza sofre unha catástrofe humanitaria sen precedentes, onde o sector sanitario é obxectivo directo dun asedio sistemático. Hospitales e clínicas foron bombardeados, máis de 1.000 traballadores sanitarios asasinados e ambulancias destruídas. Este ataque deliberado contra a saúde pública evidencia un intento de destrución física e psicolóxica da poboación gazatí.



Presentación da novela *Galizan Nation*

Venres, 17 de xaneiro - 19.30 h



Galizan Nation. Uma distopia Kpop é una novela de acción, com um toque do mistério que Agatha Christie engendrou. Uma distopia positiva contada a ritmo de kpop sobre um futuro possível, mas ainda imperfeito. A agente Ada Estrada é a heroína que nos conduzirá na noite pela fraga de Esmelhe até um destino mais belo e melhor que o atual.

Na presentación, precedida dum pequeno recital de guitarra galega, estiveram, além da autora, Isabel Rei Samartim, Maria Castelo, Xosé Manuel Sanchez Rei e Dinis Cabreira da Companhia Ed.

Castelao político. Das Irmandades da Fala ao exilio

Luns, 20 de xaneiro - 19.30 h

Daniel R. Castelao foi un destacado referente do nacionalismo galego durante o tempo das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. No exilio cofundou e presidiu o Consello de Galiza até a súa morte. Disto falounos Uxío Breogán Diéguez Cequiel que fixo un repaso pola actividade máis senlleira de Castelao, primeiro en Galiza e xa logo no exilio.

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel é Licenciado en Historia pola USC e Doutor en Historia Contemporánea pola Universitat de Barcelona. É profesor da UDC e Director da Cátedra de Memoria Histórica da mesma universidade.



O FEDIVERSO contra Goliat

Mércores, 22 de xaneiro - 19.30 h



Dentro do ciclo *Revisar os Marcos*, que facemos conxuntamente coa Fundación Luzes, Alberto Quian ofreceu unha palestra co título *O FEDIVERSO contra Goliat*. Nela falou das comunidades de usuarias de redes sociais que desafían o control das grandes tecnolóxicas e dos seus algoritmos con software libre e de código aberto, protocolos de interoperabilidade e códigos éticos.

Alberto Quian é doutor en investigación en medios. Profesor da USC en xornalismo. É autor do libro *Civilización Hacker*.

Mesa informativa sobre ALTRI

Xoves, 23 de xaneiro - 19.30 h

A multinacional ALTRI quere instalar no centro de Galiza unha macrocelulosa que afectará ás comarcas da Ulloa, Terras de Melide e até a ría de Arousa cun brutal impacto negativo tanto ambiental como socioeconómico.

Organizamos esta mesa informativa porque precisamos que se asenten industrias no noso país pero non a costa da saúde e do futuro de toda unha comarca.

Fixemos esta mesa redonda coa colaboración da AC O Facho e o Circo de Artesáns.



Luís e Maruja Seoane na Memoria

Venres, 24 de xaneiro – 19.30 h



O 24 de xaneiro de 1912 nacía María Elvira Fernández López/Maruja Seoane na rúa Santo André da Coruña. Esta data celebrámola cun agasallo que se amplía ao seu compañeiro Luís Seoane, presentando de novo estes tres libros, froito cada un dos diferentes agasallos que se lle fan ao artista desde 2007:

- *Acerca da integración das artes* (2012)
- *Poemas alumeados* (2010)
- *Certezas alumeadas* (2018)

Foi o venres 24 de xaneiro, ás 19.30 h, coa participación da Biblioteca Maravilhas-Escola de Arroxo-Lourenzá.

Nación e Liberdade. Con Daniel Castela e Blas Infante

Domingo, 26 de xaneiro – 12.00 h

Con motivo dos 75 anos do falecemento de Castela, a Fundación Galiza Sempre organizou este acto para render homenaxe á súa figura e ao seu pensamento político.

Un dos pensadores políticos con quen chegou a ter vínculos foi co andalucista Blas Infante, precursor do Estatuto de Autonomía para Andalucía e que sempre demostrou un grande interese por Galiza, o cal se demostra coa viaxe que realizou ao noso país en 1929 e que deixou documentada.

Contamos con David Rodríguez, da Fundación Galiza Sempre, e Javier García, historiador e sociólogo.



Plenario de Queremos Galego

Luns, 27 de xaneiro – 19.30 h



Acollemos o plenario de Queremos Galego para “mudar o rumbo do galego”, no que a plataforma de entidades en defensa da nosa lingua perfilou a gran manifestación nacional que tivo lugar o 23 de febreiro, Día de Rosalía, entre a Alameda de Santiago e a Praza do Obradoiro.

Foi un plenario para avaliar a situación da nosa lingua, así como para coñecer as accións a realizar partindo da proposta de puntos mínimos e medidas urxentes exposta en novembro do 2024 por Queremos Galego, para comezar a revertir a emerxencia lingüística.

Pandereteiras de Mens

Xoves, 30 de xaneiro – 19.30 h

O xoves 30 de xaneiro, ás 19.30 h, recibimos á Agrupación Folklórica Aturuxo da Coruña que nos deu a coñecer a andaina das “Velliñas” como elas lle chamaban ao longo dos seus 20 anos de vida artística. Isabel García Quintela, a súa presidenta, falounos da traxectoria das Pandereteiras de Mens e a súa achega ao noso folclore.

Tivemos tamén a ocasión de gozar coa mostra dun grupo de cantareiras-pandereteiras actuais (catro compoñentes).



Presentación de *O triángulo vermello*

Venres, 31 de xaneiro – 19.30 h



O triángulo vermello é unha obra sobre Mercedes Núñez, (1911-1986), política republicana e militante antifascista, logra sobrevivir ao cárcere de Ventas franquista e ao campo de concentración nazi de Ravensbrück e dedica os últimos anos da súa vida a denunciar a represión sufrida no que foron dous verdadeiros infernos para as mulleres.

Este libro, escrito por Carme Vidal, xornalista, e Pablo Iglesias, fillo de Mercedes Núñez, e ilustrado por Belén Diz, foi presentado na nosa asociación.

Presentación de *Arredor de Castelao no século XXI*

Luns, 3 de febreiro – 19.30 h

Arredor de Castelao no século XXI de Pilar García Negro é unha reedición dun clásico agora actualizado para conmemorar o 75º aniversario do falecemento de Castelao.

O libro aborda a visión política de Castelao, a súa obra artística, o seu compromiso coa lingua galega e a plena vixencia das súas ideas no debate contemporáneo.

Acompañaron a Pilar García Negro na presentación o catedrático de Literatura e escritor Xosé Luís Axeitos e o catedrático da UDC e presidente de Galiza Cultura Xosé Manuel Carril.



Visita á exposición **25 anos de felicidades colectivas**

Martes, 4 de febreiro - 19.30 h



O martes 4 de febreiro, ás 19 h, fixemos unha visita guiada á exposición *25 anos de felicidades colectivas*. Unha homenaxe á sala *Mardi Gras* na Casa Casares Quiroga. A exposición estaba dividida nun prólogo e seis capítulos, e incluía unha zona dedicada a todas as bandas e artistas que pasaron polo seu escenario durante o cuarto de século de vida que suma *Mardi Gras*.

Realizou a visita Tomi Legido, director artístico de *Mardi Gras* e comisario da exposición.

Esperanza e explotación. A cara oculta da emigración galega

Mércores, 5 de febreiro - 19.30 h

A emigración galega cara a América foi, para moitas persoas, unha vía de escape da pobreza e da desesperanza. Porén, tras os relatos de éxito e progreso, hai historias silenciadas de explotación e dor. Nesta palestra exploramos un capítulo escuro da nosa historia: a prostitución forzada que sufriu un número alarmante de mulleres galegas en Cuba e Bos Aires.

Con Jorge Castro Ruso reflexionamos sobre o impacto da emigración, o papel do xénero nas dinámicas de poder e a importancia de recuperar a memoria colectiva.



Outras historias do cinema: Marilyn Monroe

Xoves, 6 de febreiro - 19.30 h



Martin Pawley ofreceunos outra nova historia do cinema, esta vez centrada na figura de Marilyn Monroe.

Marilyn é, sen moita dúbida, o maior mito que deu o cinema no século XX. Tras a súa condición de eterna icona de beleza e de paradigma dos clarescuros da fama con frecuencia queda agochada outra evidencia: que fixo películas sensacionais. Nesta sesión reivindicamos as súas inmensas cualidades como actriz e a muller curiosa, lectora atenta e mesmo poeta ocasional que as luces de Hollywood non sempre deixaron ver.

Aproximación historiográfica aos cancioneiros tradicionais

Venres, 7 de febreiro - 19.30 h

Antón Santamarina falounos do *Cancioneiro popular galego* que xunto a Dorothé Schubarth (1944-2023), compilou e foi editado en varios volumes durante a década de 80 do século pasado. Esta obra é considerada un dos alicerces do canto tradicional da Galiza e é tida como fonte de inspiración e de aprendizaxe para moitas formacións musicais do noso tempo.

Antón Santamarina (1942, Navia de Suarna, A Fonsagrada) é catedrático xubilado do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e membro da Real Academia Galega.



Recital poético: Poetas na cociña

Luns, 10 de febreiro - 19.30 h



O luns 10 de febreiro, ás 19.30 h, tivemos un recital poético con Eva Veiga, Montse Yoldi, Ana Ramil, Xulio L.Valcarcel, Olga Patiño, Henrique Rabuñal, Francisco X. Fernandez Naval, X.Carlos Ulloa e Carlos Abeledo.

Poetas na Cociña é unha iniciativa solidaria nada durante a pandemia para axudar a recadar diñeiro para a Cociña Económica da Coruña. Un grupo de poetas unen as súas voces e talentos para recadar fondos para a Cociña Económica mediante un libro que, se queres, poderás mercar ese día.

Visita guiada á exposición *Arquitecturas que falan do seu tempo*

Martes, 11 de febreiro - 19.00 h

Comisariada polos arquitectos Xosé Manuel Casabella e Alfredo Sellier, esta exposición presentou a evolución da arquitectura en Galiza desde mediados do século XIX, rememorando a fundación en 1849 da Academia Provincial de Belas Artes. Esta institución foi pioneira promovendo a formación artística e arquitectónica na comunidade, grazas ao labor de figuras como Faustino Domínguez Domínguez e José María Noya Vaamonde, quen foron impulsores do Museo e da Escola de Belas Artes.

A visita foi guiada polos seus comisarios Xosé Manuel Casabella e Alfredo Sellier.



Castelao, arte e parte

Mércores, 12 de febreiro – 19.30 h



Castelao arte e parte. Parte do seu ser, da súa filantropía, da súa determinación en chegar a todos os ollos. A ollos que saben descifrar letras e mesmo aos que lles custa poder ver, porque como el mesmo dicía nunha das súas estampas: “Os ollos non é co que mais se ve, miña vella”. Neste achegamento ao Castelao artista afondamos nesa dimensión social que o de Rianxo atopa na expresión trazada cos forza dun lápiz e un pincel.

Disto falounos Carmela Galego historiadora da arte e profesora de francés vinculada á comunicación e á docencia en contextos lúdicos e culturais.

A situación de Gaza na Corte Internacional de Xustiza

Xoves, 13 de febreiro – 19.00 h

Neste encontro analizamos, desde o punto de vista do Dereito internacional, a situación actual da ocupación ilegal por Israel dos territorios Palestinos, tendo en conta para tales efectos a denuncia presentada na Corte Internacional de Xustiza e os pronunciamentos feitos ao respecto por este órgano xudicial principal da Organización das Nacións Unidas.

Contamos coa presenza de Christoph Schreinmoser, Doutor en Dereito e Profesor de Dereito internacional público e Relacións internacionais na UDC.

Foi un acto en colaboración con UDCxPalestina.



Inauguración da exposición *Humor para mudar o mundo. Que graza!*

Venres, 14 de febreiro – 19.30 h



Humor para mudar o mundo. Que graza! foi o título desta exposición de Pepe Carreiro, que recolle moi ben o que pretende coa súa forza creativa nas súas partes: A primeira, unha frase en serio e pretenciosa (*Humor para mudar o mundo*), e logo, a segunda, cunha contestación burleira (*Que graza!*) que rebaixa as ínfulas da primeira frase ou dálle un baño de realidade.

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) é un dos debuxantes galegos máis relevantes dos últimos 40 anos.

Inauguración *Vente vindo, ven cantando* de M d'Outeiro

Sábado, 15 de febreiro - 12.00 h

En colaboración coa AV Oza-Gaiteira Os Castros, inauguramos a exposición *Vente vindo, ven cantando* de M d'Outeiro no Fórum Metropolitano.

Estas fotografías veñen a confirmar, dalgunha maneira, o xeito e a forma que temos de expresar os sentimentos, de ollar, relacionarnos ante demais, para recoñecérmonos como comunidade...

Estas fotos son un xeito de sumarse á celebración da nosa música popular representada este ano 2025 polas CANTAREIRAS.

Contaremos coa música de violín de Tonecho Castelos acompañada do arpista Xosé Álvarez.



Cineclub Bóveda: *Soidade* (1928)

Luns, 17 de febreiro - 19.30 h



O luns 17 de febreiro tivemos unha nova sesión do Cineclub Bóveda. Esta vez coa película *Soidade* (1928). Director húngaro que emigrou a América fuxindo da represión dos anos do "terror branco", Paul Fejos fixo algúns filmes primeiro en Hollywood e logo en Europa antes de reinventarse como cineasta especializado na etnografía e a antropoloxía. A máis coñecida das súas películas é LONESOME (SOIDADE), unha fermosa historia de amor entre un home e unha muller da clase obreira que forma parte do Rexistro Nacional de Filmes da Biblioteca do Congreso dos EEUU.

Castelao, desta terra e deste tempo

Mércores, 19 de febreiro - 19.30 h

Concibimos a Castelao como un "todo" no que hai unha evolución e unha diversidade de experiencias e momentos. Non está o artista confrontado ou illado do político nin o político á marxe do artista, como ben el mesmo se encargou de advertir en innúmeras ocasións. Hai sintonía de intereses e obxectivos entre ambas as dúas facetas.

Disto falounos Manuel Rei, autor da primeira monografía sobre toda a obra literaria de Castelao, titulada *Arte e verdade. A obra literaria de Castelao* (1991) e divulgador do pensamento e da actuación política de Castelao.



Venezuela non é como contan as redes

Xoves, 20 de febreiro – 19.30 h



Baixo o título *Venezuela non é como contan as redes*, organizouse esta mesa redonda para achegar unha visión crítica e fundamentada sobre a realidade venezolana, combatendo o discurso manipulador co que se intenta desacreditar o proceso bolivariano. Foi unha oportunidade para coñecer en profundidade unha realidade frecuentemente manipulada polos grandes medios.

Participaron Alexandre Besteiro, activista político e social, Ana Mosquera, presidenta de AGABO, e Martín Pacheco, cónsul de Venezuela en Galiza.

Todas as veces que foron un non

Venres, 21 de febreiro – 19.30 h

Todas as veces que foron un non, actividade feita en colaboración coa Fundación Luzes. Detrás dos testemuños de violencia sexual protagonizados polas mulleres vítimas latexa un clima de maltrato, medo, impunidade e ausencia de consentimento que acontece, as máis das veces, no eido familiar ou da parella, amparado pola normalización da cultura da violación e polo rubor que senten as vítimas. Como poden os medios de comunicación contribuir a que a vergoña mude de bando?

Disto falounos Cláudia Morán, xornalista cofundadora de Xornalistas Galegas.



Presentación da revista dixital *Quiasmo*

Sábado, 22 de febreiro – 12.00 h



A revista *Quiasmo* naceu como un proxecto de vangarda cunha marcada orientación afectiva galego-lusófona e tecendo pontes con Barcelona e Cataluña. Érguese como un ecosistema de coñecemento pensado para promover e difundir a arte, a literatura e a ciencia da rexión galego-lusófona.

É unha plataforma unificadora na que conflúen persoas do campo da ciencia, a arte, a literatura e o pensamento de todas as áreas.

Contamos con Martín Pawley e con Tiago Alves Costa e Joana Magalhães, que dirixen a revista.

Lectura pública da obra de Rosalía

Domingo, 23 de febreiro - 17.00 h

O domingo día 23 de febreiro é o día no que se conmemora o nacemento de Rosalía de Castro.

Coa AELG festexamos este día coa lectura pública da súa obra.

Realizamos o acto de lectura pública diante do Teatro Rosalía de Castro. A vicepresidenta da AELG, a escritora Beatriz Maceda, deu lectura ao Manifesto da AELG, elaborado por Marga do Val, e posteriormente realizamos unha lectura pública da obra de Rosalía de Castro.

Contamos tamén coa música, pois Rosalía é a poeta máis musicada da nosa literatura.



Jesús de Nazaret no cinema

Luns, 24 de febreiro - 19.30 h



Victorino Pérez Prieto falounos de Jesús de Nazaret no cinema, dalgunhas das películas máis significativas.

Tense feito un bo cine sobre Xesús de Nararet que ten dado obras de grandísima calidade; algunhas están no cumio da historia do cinema. Porque un cinema que queira ser cine relixioso, o primeiro que ten que ser é... bo cine. Nesta sesión repasamos algunhas desas xoias do cinema.

Victorino Pérez Prieto, doutor en Teoloxía, centra a súa obra teolóxica e intelectual na relación entre galeguismo e cristianismo.

Presentación do proxecto *Non Calarás*

Martes, 25 de febreiro - 19.00 h

O proxecto NON CALARÁS! foi o traballo que obtivo no ano 2024 o Premio "Luísa Villalta" da Área de Igualdade da Deputación da Coruña.

Este proxecto quere facer memoria das loitas esquecidas desenvolvidas por mulleres: as folgas das cigarreiras e das lavandeiras, as revoltas, os motíns, as pedradas.

A publicación coa que foron agasalladas as persoas asistentes é un libro de homenaxe –e sobre todo de agradecemento– ás que non se resignaron, ás insubmisas, ás rebeldes, ás que souberon loitar, ás que non calaron.



A reforma portuaria a debate

Martes, 25 de febreiro - 20.00 h



Colaboramos no debate organizado pola Plataforma Cívica Defensa do Común, en colaboración co Circo de Artesáns, sobre a futura remodelación da fronte marítima, así como o impacto que a mesma terá sobre actividade portuaria, en base ao documento Máster Plan Coruña Marítima.

Interviñeron Ruth Varela (presidenta da delegación da Coruña do COAG), Miguel Abelleira (director da Escola de Arquitectura), Benedito Álvarez (economista e membro de Defensa do Común) e Juan Carlos Corrás (xerente da asociación de armadores Pescagalica e presidente da Lonxa).

75 anos de legado de Castelao

Mércores, 26 de febreiro - 19.30 h

A Fundación Galiza Sempre presentou o caderno *75 anos de legado de Castelao*, para conmemorar o 75 aniversario do falecemento de Castelao no exilio. O caderno supón unha ferramenta indispensable para divulgar, explicar e debater o pensamento de Castelao. A publicación presenta o Castelao auténtico, o Castelao patriota que do servizo a Galiza fixo a razón de ser da súa vida.

Contamos coa participación do autor da publicación, o profesor Xoán Carlos Garrido.

Todas as persoas asistentes foron agasalladas cun exemplar do caderno.



Cantos na Taberna nos Xoves de Comadres

Xoves, 27 de febreiro - 19.30 h



O xoves 27 de febreiro, o grupo de Cantos na taberna da AC Alexandre Bóveda saíu polas rúas da Coruña interpretando as coplas que tiñan preparadas para o Entroido, para celebrar desta maneira o Xoves de Comadres.

Presentación de *Tonalidades de Xosé Casal*

Venres, 28 de febreiro - 19.30 h

O libro *Tonalidades de Xosé Casal. Para unha biografía aberta do músico e do pintor*, de Alfredo Ferreiro Salgueiro foi editado pola Asociación Musical Gaiteira con apoio da Deputación da Coruña. Constitúe unha homenaxe en vida a unha das maiores figuras do folclore galego, o gaiteiro, compositor, director de coros e artista plástico Xosé Casal Vázquez.

Interviñeron, ademais do autor, Xosé Casal Vázquez, Xan Casabella, José Luis Galán, Lucía Torres e Xosé Lois Foxo.



Pódese sobrevivir o 14 de febreiro sendo feminista?

Sábado, 1 de marzo - 12.00 h



O sábado 1 de marzo ás 12 h da mañá tivemos o noso primeiro café feminista. Cantas veces desexamos poder debatir sobre as nosas vivencias, experiencias, gustos, inquedanzas desde un punto de vista feminista, nun espazo cómodo, libre e sen liderados? Todos os primeiros sábados de mes xuntámonos nos café feministas de ACAB.

Nesta ocasión arrancamos cunha pregunta: pódese sobrevivir o 14 de febreiro sendo feminista?

Presentación de *O cabuchón vermello*

Mércoles, 5 de marzo - 19.30 h

O cabuchón vermello é a primeira obra literaria de Alejandro Otero, editada por Espiral Maior.

A novela desenvolve a súa acción narrativa na cidade de Santiago Compostela. De carácter histórico e ao mesmo tempo actual, imbrica no relato acontecementos como o Crime da Balconada (século XIV) e o Curso Universitario 1992-1993 a través das vivencias dun estudante de antropoloxía.

Na presentación estiveron presentes, ademais do autor, Antonio Tizón, escritor, Juan Carlos Díaz del Valle, músico e presidente de "A Casa da Troia", e Miguel Anxo Fernán Vello, escritor e editor.



Inauguración da expo *Non Calarás!*

Xoves, 6 de marzo – 12.00 h



A expo *Non Calarás!*, situada na Mariña, entre a traseira da Autoridade Portuaria e Palexco estivo composta por unha serie de paneis sobre as revoltas das mulleres, as lavandeiras, as chambonas, as costureiras, as vendedoras de peixe, as Irmandiñas, as mandadeiras, El Progreso Femenino, as cigarreiras, as labregas, Hijas de Galicia e as cantareiras.

Esta expo foi parte do proxecto *Non Calarás!* traballo que obtivo no ano 2024 o Premio “Luísa Villalta” da Área de Igualdade da Deputación da Coruña.

Outras historias de cinema. Pioneiras da crítica: Silvia Mistral

Xoves, 6 de marzo – 19.30 h

Dentro do ciclo Outras historias de cinema, Martin Pawley, produtor e crítico de cinema falounos de Silvia Mistral.

Nacida na Habana mais galega por parte de nai, Hortensia Blanch Pita tivo unha vida apaixonante e comprometida coa causa antifranquista. Fixo a primaria en Vilalba e logo foi unha activa escritora cinematográfica que nos anos 30 colaborou con diversas revistas españolas. A través da súa intensa relación co cinema recordamos a peripecia vital de quen foi, ademais, autora de dous libros extraordinarios, *Éxodo* e *Madréporas*.



Inauguración da exposición fotográfica *Viaxeiras*

Venres, 7 de marzo – 19.30 h



A exposición *Viaxeiras*, de María Miragaya foi inaugurada no noso local o 26 de febreiro.

O que non se nomea, non existe. O que non se ve, tampouco... ou existe menos.

Esta serie fotográfica titulada *Viaxeiras...* pretende mostrar instantes desa historia escrita case sempre con minúsculas ou simplemente silenciada. Quere ser un pequeno xesto de recoñecemento a tantas e tantas mulleres anónimas para nós que, non obstante co seu devir diario, consolidan camiños e axudan a facer camiños novos, camiños de igualdade.

Roteiro Non Calarás!

Sábado, 8 de marzo - 12.00 h

O sábado 8 de marzo percorremos xuntas a Pescaría na procura da pegada das miles de mulleres anónimas que coas seu traballo invisibilizado, pero fundamental abriron unhas portas que non se van pechar.

Saímos de diante das Escolas da Garda e contamos coa música do Grupo de Gaiteiras Non fagas ruído e a pandereteira e cantareira Icíá Varela. E co teatro de Noite Bohemia.

As condutoras do roteiro foron Carmela Galego, M^a Xosé Bravo, Isabel Risco e Patri Angulo.



Sobrevivindo á guerra de Gaza

Luns, 10 de marzo - 19.30 h



Shehab Al-Din, xornalista palestino, e Xosé Manuel Pereiro participaron nunha conversa sobre Palestina, abordando a realidade do xenocidio en Gaza e a loita diaria pola supervivencia. Shehab relatou a súa vida entre guerras e desprazamentos, a perda da súa familia nos últimos ataques e o seu compromiso coa fotografía e o xornalismo para documentar a verdade. Falou da resistencia do pobo palestino, da dor e da esperanza que persiste a pesar da destrución. O evento, en colaboración con UDCxPalestina, permitiu unha profunda reflexión sobre a dignidade e a xustiza que Palestina segue reclamando.

Projeção do documentário *Vozes das margens*

Martes, 11 de marzo - 18.00 h

No ciclo de proxeccións, exhibimos *Vozes das Margens*, un documentário sociolinguístico sobre o portugués uruguaio falado na fronteira con o Brasil. Contamos com a presenza da realizadora, a sociolinguista Ana Maria Carvalho (Universidade da Arizona, Tucson), especialista no portugués em contato.

A presentación ficou a cargo de Celso Álvarez Cáccamo, profesor da Universidade da Coruña.

Um evento enriquecedor para refletir sobre a diversidade lingüística e os procesos de contacto entre línguas.



Presentación de *A árbores desvelada*

Mércores, 12 de marzo - 19.30 h



Xavier Seoane presentou o seu novo poemario, *A árbore desvelada*, publicado na colección Tambo de Kalandraka. Acompañárono a poeta Eva Veiga e o director da colección, Luís Rei Núñez.

Nesta obra, Seoane traza unha paisaxe afectiva e moral a través de poemas que homenaxean persoas, feitos e lugares significativos da súa vida, con versos de gratitude, exaltación da felicidade e denuncia ante inxustizas.

A súa traxectoria literaria abrangue poesía, ensaio, narrativa e literatura infantil e xuvenil, con múltiples premios.

O misterioso caso das democracias minguantes

Xoves, 13 de marzo - 19.30 h

No marco do ciclo Revisar os marcos, organizado en colaboración coa Fundación Luzes, abordamos o avance das democracias iliberais, reximes nos que gobernantes elixidos democraticamente exercen o poder de forma autocrática, debilitando dereitos e institucións. A politóloga Elba Maneiro, doutora en Ciencias Políticas, analizounos as causas e consecuencias desta tendencia global cara modelos máis autoritarios, axudándonos a comprender os desafíos que este fenómeno representa para a sociedade e a gobernanza mundial.



Presentación do xogo de cartas *Feminismos no tempo: Galegas*

Venres, 14 de marzo - 19.30 h



O venres 14 de marzo presentamos no noso local o xogo de cartas *Feminismos no tempo: Galegas*.

Feminismos no tempo: Galegas é un xogo de 55 cartas para situar feitos relevantes da historia do feminismo galego. O terceiro xogo do proxecto Feminismos no Tempo (FNT) céntrase no territorio galego e, xa que logo, incorpora unicamente mulleres ou movementos que naceron en Galiza.

Estiveron para presentalo Noelia Darriba García, Tania Merelas Iglesias e Raquel Veiga Teijeiro.

Visita guiada á exposición *Non calarás!*

Domingo, 16 de marzo - 12.00 h

O domingo 23 de marzo organizouse unha visita guiada á exposición NON CALARÁS! As persoas asistentes percorreron a historia das mulleres traballadoras da Coruña e as súas loitas. A través dos paneis da mostra, recuperouse a memoria de cigarreiras, peixeiras, costureiras, lavandeiras, chambonas, mandadeiras, labregas, as Irmandiñas, as cantareiras e colectivos como "El Progreso Femenino" ou "Hijas de Galicia". Debido á boa acollida, realizáronse dous pases consecutivos para facilitar a participación. A actividade enmarcouse no proxecto premiado *Non Calarás!*.



Presentación de *Cantareiras*

Luns, 17 de marzo - 19.30 h



A presentación de *Cantareiras*, de Icíá Varela e Xosé Manuel Varela, reuniu a diversas persoas vinculadas á tradición oral da Costa da Morte. Durante o evento, desenvolveuse unha mesa-coloquio con intervencións de investigadores, familiares e músicos. Icíá Varela interpretou varias pezas, incluíndo "Maneo de Mens" e "A danza" de Eva Castiñeira. Participaron tamén integrantes de grupos e proxectos ligados á música tradicional. O acto finalizou cunha peza musical a cargo da autora.

Presentación de *Recuperemos as mans*

Mércores, 19 de marzo - 19.30 h

Presentamos esta edición conmemorativa de *Recuperemos as mans*, coa participación de Carme Adán. A publicación do Consello da Cultura Galega reúne nun único volume *Recuperemos as mans* (1980) e *Evidencias* (1989), dúas obras fundamentais de María Xosé Queizán no pensamento feminista galego. Nos textos abórdanse cuestións como a diferenza sexual, a familia, a participación na esfera pública, a violencia contra as mulleres, o lesbianismo, o poder, a lingua, o corpo e o desexo, o amor e a escrita das mulleres. Carme Adán encargouse de presentar e analizar o legado da autora.



As antoloxías poéticas contra a violencia de xénero no século XXI

Xoves, 20 de marzo - 19.30 h



No ciclo Aula Aberta, Laura Freire Ledo impartiu unha palestra sobre as antoloxías poéticas contra a violencia de xénero no século XXI. Analizou a poesía galega contemporánea a través de tres antoloxías colectivas: os dous volumes de Polifonías: Voces poéticas contra a violencia de xénero e o Manifesto 25N, abordando as condicións institucionais de publicación e os repertorios temáticos.

Laura Freire Ledo, graduada en Galego e Portugués, cursa o Mestrado Universitario en Profesorado. O evento realizouse en colaboración co Grupo IIIa da Facultade de Filoloxía da UDC.

Cerimonia de Gaivotas por Palestina

Venres, 21 de marzo - 19.30 h

Realizouse a Cerimonia de Gaivotas por Palestina, un micro aberto de poesía no Día Internacional da Poesía. Creado por Branca Trigo e Alfredo "O Hanabi" Vázquez, iniciouse en Vigo e logo estendeuse a A Coruña e Ourense.

O espazo, libre e autoxestionado, acolleu poetas recoñecidos e afeccionados, algúns recitando por primeira vez. O funcionamento baseouse en dúas normas: moderación no tempo e exclusión de mensaxes de odio. A actividade realizouse en colaboración con UDCxPalestina.



Cineclub Bóveda: *Linda* de Dorothy Davenport (1929)

Luns, 24 de marzo - 19.30 h



Na sesión mensual do Cineclub Bóveda proxectouse *Linda* (1929), dirixida por Dorothy Davenport. A película, que marcou o debut de Davenport como directora, presentouse como unha historia novelesca e romántica, mais agochaba un potente relato de sororidade contra o maltrato e a inxustiza. Durante a sesión, comentouse o impacto que tivo na cineasta a morte do seu esposo, o actor Wallace Reid, e como ese feito influíu na súa decisión de impulsar filmes cunha forte carga social. O evento permitiu afondar na obra de Davenport e na súa relevancia no cine da época.

Lieders de Rosalía de Castro

Martes, 25 de marzo - 19.00 h

Presentamos a edición facsimilar deste manifesto feminista de Rosalía de Castro publicado en 1858 no xornal *El Miño*. A publicación inclúe o texto dixitalizado recollido na obra completa da autora publicada pola Fundación Rosalía de Castro en 1996, acompañado dun limiar de María Pilar García Negro e a tradución ao galego realizada por Iria Taibo. A iniciativa, promovida pola Fundación Galiza Sempre, destacou o valor desta peza ensaística como parte do legado de Rosalía de Castro e ferramenta de difusión do seu pensamento. Ao rematar entregouse un exemplar do manifesto en lingua galega ás persoas asistentes.



O universo Isaac Díaz Pardo. Entre a Revolución Industrial e o Art Déco

Mércores, 26 de marzo - 19.00 h



Nesta palestra Iria-Friné Rivera Vázquez explorou as influencias culturais e artísticas que configuraron a traxectoria de Isaac Díaz Pardo. Analizáronse as referencias que marcaron o seu pensamento e creación, dende a Revolución Industrial ata as vangardas do século XX, pasando polo Arts and Crafts, a Bauhaus e o Art Déco. Destacouse o papel do seu pai, Camilo Díaz Baliño, na súa formación, así como a súa relación con figuras coma Luis Seoane. Tamén se abordou a súa contribución á memoria histórica e á identidade galega a través de proxectos como Sargadelos.

Body Talk. Preestrea de Anfibia

Venres, 28 de marzo - 19.30 h

A Compañía La Guajira, con Ana Beatriz Pérez, ofreceu a preestrea de *Anfibia* dentro do ciclo Body Talk, organizado en colaboración coa AC AÍS. *Anfibia* foi un só de danza que integrou voz, espazo sonoro e movemento nun acto militante do ser e do estar. A través da súa interpretación, explorouse a adaptación ao cambio, a mutación cara a novas realidades e a reinvenção persoal. A peza puxo en valor a vontade, a forza feminina, a fragilidade e a beleza, debuxando a imaxe dunha muller en transformación constante.



Visita guiada á exposición *A cidade das artes*

Martes, 1 de abril - 12.00 h



Realízouse unha visita guiada á exposición *A cidade das artes* no Kiosco Afonso. A mostra, organizada pola Real Academia Galega de Belas Artes con motivo do seu 175 aniversario, foi comisariada polo académico Fernando Agrasar, quen tamén actuou como guía durante a actividade. Máis de trescentas pezas da colección da Academia, xunto con obras cedidas en préstamo, compoñen esta exposición que percorre a historia da institución e as súas iniciativas: dende a creación de centros como a Escola ou o Museo de Belas Artes, ata a publicación da revista *Abrente* ou o establecemento do Día das Artes Galegas.

Encontro con Rawan Abdalah Irshaid

Mércores, 2 de abril - 19.30 h

Rawan Abdalah Irshaid foi a protagonista dun encontro organizado en colaboración con UDCxPalestina. Filla de nai e pai palestinos obrigados a abandonar a súa terra, compartiu unha perspectiva íntima e conmovedora sobre a situación do seu povo tras décadas de ocupación. No seu relato abordouse a operación xenocida en curso, que xa provocou máis de 50.000 mortes, millares de crianzas orfas e mutiladas, e a destrución dun modo de vida enteiro. A actividade permitiu reflexionar sobre un dos crimes de lesa humanidade máis crueis do noso tempo.



O canto tradicional: da Terra ao escenario

Xoves, 3 de abril - 19.30 h



Mantivemos un encontro con Xabier Díaz onde compartiu a súa visión sobre como os cantares tradicionais son interpretados, recollidos e arranxados para seren presentados nos escenarios. A palestra permitiu aprofundar na viaxe que fan estas melodías, desde a oralidade nas aldeas e canciñeiros ata a súa chegada a públicos máis amplos. Xabier Díaz, figura destacada da música de raíz na Galiza, falou tamén da súa traxectoria e do proxecto que desenvolve xunto coas *Adufeiras de Salitre*, co que ten levado a música tradicional galega a numerosos festivais internacionais.

Presentación do poemario *Papaventos Abismados*

Venres, 4 de abril - 19.30 h

Presentouse o poemario *Papaventos abismados* de Marta Dacosta, publicado por Apiario. O acto enmarcouse nun contexto de reflexión sobre os cuidados e a sobrecarga que historicamente recaeu nas mulleres. O libro ofrece unha lectura poética dun tempo precipitado e da tensión entre o ser, o estar e as expectativas sociais.

A autora estivo acompañada pola editora Dores Tembrás, e compartiron co público claves da obra, o proceso creativo e a traxectoria de Dacosta, que tamén achegou unha ollada persoal sobre os seus últimos traballos.



Café feminista: #Eusitecreo. Consecuencias?

Sábado, 5 de abril - 12.00 h



No marco dos *Cafés Feministas*, tivo lugar unha nova sesión baixo o título *#Eusitecreo. Consecuencias?*. O encontro centrouse na análise do impacto social e mediático do movemento *#eusitecreo*, que nas últimas semanas tivo gran presenza nas redes sociais e nos medios de comunicación. As persoas asistentes compartiron reflexións arredor das consecuencias desta revolución comunicativa, abrindo un espazo de diálogo crítico e aprendizaxe colectiva. O café mantivo o espírito participativo habitual, promovendo a escoita activa e o intercambio de opinións sobre temas fundamentais para o feminismo.

Proxección de *Gaza: la franja del exterminio*

Luns, 7 de abril - 19.30 h

Proxectouse o documental *Gaza: la franja del exterminio* (2024), dirixido polo cineasta mexicano Rafael Rangel e producido por México e Exipto. A través dunha proposta próxima á «antropoloxía salvaxe», o filme achegou ás persoas asistentes á realidade máis crúa da Franxa de Gaza, colocando o foco na destrución sistemática e no sufrimento da poboación palestina. Cunha duración de 102 minutos, a proxección ofreceu unha visión directa e comprometida dos feitos, sen filtros, poñendo en evidencia o horror do xenocidio perpetrado polo Estado de Israel.



Homenaxe a Castelao: Arte, Narrativa e Teatro

Martes, 8 de abril - 19.30 h



O grupo Alexandre Bóveda Teatro participou na conmemoración do 75º aniversario do pasamento de Castelao cun espectáculo que lle rendeu tributo dende a creación escénica. A proposta combinou distintas expresións artísticas inspiradas na súa obra: debuxos que acompañaron narracións baseadas nos seus contos, interpretadas polos membros do grupo, e a posta en escena dun fragmento da peza *Os vellos non deben de namorarse*. Esta homenaxe permitiu ao público achegarse ao universo poliédrico de Castelao e á súa fonda pegada na cultura galega.

Presentación de *Poesía reunida de X. L. Méndez Ferrín*

Mércores, 9 de abril - 19.30 h

Presentouse a obra *Poesía reunida de X. L. Méndez Ferrín*, coa participación de Anxo Angueira, responsable da edición, e do escritor e membro da Real Academia Galega Xosé Lois Axeitos. Ao longo do acto abordouse a relevancia da figura e da obra de Méndez Ferrín na historia cultural da Galicia contemporánea, así como as dificultades que atravesou a súa traxectoria poética durante o franquismo. Anxo Angueira explicou os criterios da edición, que inclúe un amplo estudo introdutorio e un repertorio de notas para cada poema.



Outra historias do cinema: Directoras no cinema mudo

Xoves, 10 de abril - 19.30 h



No marco do ciclo *Outras historias do cinema*, Martin Pawley ofreceu unha sesión dedicada ás directoras no cinema mudo. Analizáronse os nomes e as achegas das mulleres que, durante as primeiras décadas da historia do cinema, desenvolveron un papel activo como realizadoras, tamén dentro da industria estadounidense. O encontro permitiu descubrir figuras pioneiras que, con diferentes traxectorias, contribuíron ao desenvolvemento artístico e popular das películas da época. A actividade estivo guiada por Martin Pawley, produtor, crítico e programador de cinema.

Unha viaxe polo Eo-Navia e a súa galeguidade

Venres, 11 de abril - 19.30 h

Manuel Miragaia ofreceunos esta palestra na que nos levou por un percorrido imaxinario polo territorio do Eo-Navia, na Galiza occidental de Asturias, con atención á súa cultura, historia e medio natural. Acompañouse dunha exposición de fotografías e mapas, e destacou o valor patrimonial da fala galega da zona como parte esencial da nosa lingua e identidade.

Reivindicouse a pertenza cultural do Eo-Navia ao ámbito galego, así como para dar visibilidade a un territorio frecuentemente esquecido no relato común da Galiza.



Visita cultural a Pontevedra

Sábado, 12 de abril



O sábado 12 de abril organizouse unha viaxe cultural a Pontevedra. A actividade incluíu unha visita guiada ao Museo de Pontevedra para ver a obra de Castelao e coñecer a colección do propio museo. A continuación, realizouse un roteiro polas pegadas de Castelao na cidade e unha aproximación á transformación urbana de Pontevedra, guiado por Luís Bará, quen foi concelleiro de Patrimonio durante anos. O xantar tivo lugar en Combarro, onde tamén se fixo un paseo polo pobo antes de regresar a A Coruña.

Cineclub Bóveda: *No other land*

Luns, 14 de abril - 19.30 h

Proxectouse *No other land* dentro do Cineclub Bóveda. Dirixido por Basel Adra, Yuval Abraham, Hamdan Ballal e Rachel Szor, documenta a expulsión sistemática da poboación palestina en Masafer Yatta e a loita compartida entre un activista palestino e un xornalista israelí por denunciar a represión e os abusos dos dereitos humanos. A obra foi recoñecida co premio ao mellor documental na Berlinale 2024, nos Premios do Cinema Europeo e nos Oscars. A actividade aposta por proxectar filmes comprometidos, de difícil acceso nas salas comerciais, e fomentar o pensamento crítico a través do cinema.



Presentación de *Personaxes da Galiza Medieval II*

Martes, 15 de abril - 19.30 h



Presentouse o libro *Personaxes da Galiza medieval II*, dentro da colección que está a editar a Asociación Cultural O Galo de Santiago. A obra recolle a historia de figuras relevantes da nosa terra entre os séculos VI e XV, cun enfoque reivindicativo da capacidade política do Reino de Galiza e da súa influencia na historia peninsular. Interviron Xosé Miguel Andrade Cernadas, catedrático na USC e coautor do libro, e M^a Antonia Pérez, profesora titular na UDC. As persoas asistentes recibiron un exemplar da obra, editada coa colaboración da Deputación da Coruña.

Franco, ese bro. A banalización do franquismo no ensino

Luns, 21 de abril - 19.30 h

Celebramos unha conversa con Manuel Pérez Lorenzo, historiador e profesor de historia, sobre a banalización do franquismo no ensino. Analizouse a escasa presenza da memoria histórica nas aulas e o impacto de discursos falsarios en redes, que están a contribuír ao auxe da ultradereita entre a mocidade. A figura de Franco, sorprendentemente presente no ideario adolescente, foi un dos eixos da reflexión. A actividade realizouse en colaboración coa *Fundación Luzes* dentro do ciclo Revisar os marcos.



Tecer redes desde a lingua

Mércores, 23 de abril - 19.30 h



Tecer redes desde a lingua foi o título da intervención de Natalia Cea, quen presentou unha investigación cualitativa sobre identidade lingüística e cultural na adolescencia. A partir de entrevistas e grupos de discusión, recolléronse vivencias de mozas e mozos que constrúen a súa identidade desde unha base cultural distinta á hexemónica, convivindo con políticas lingüísticas diversas no ensino galego. A proposta analiza tensións, relatos e estratexias de adaptación neste contexto. A actividade enmarcouse no ciclo Aula Aberta, organizada en colaboración co Grupo ILLA da Universidade da Coruña.

Presentación de *Domingo e outras historias* de Irène Némirovsky

Xoves, 24 de abril - 19.30 h

Tivo lugar a presentación do libro *Domingo e outras historias* de Irène Némirovsky, traducido por Rocío Viéitez Ferro e editado por Laivento. A través dun estilo sobrio e dunha gran profundidade psicolóxica, os relatos mergullan na infancia, a mocidade, o amor, a perda e a soidade, nun mundo en transformación marcado pola revolución e a guerra. Na presentación participaron a tradutora e o editor Prudencio Viveiro, nun acto que puxo en valor a memoria e a literatura como advertencia contra os erros do pasado.



Inauguración da exposición *Ailalelo*

Venres, 25 de abril - 19.30 h



Inaugurouse no noso local a exposición *Ailalelo* do colectivo fotográfico Olo de Vidro, da AC Alexandre Bóveda. A mostra quere poñer en valor o patrimonio cultural inmaterial galego a través da figura das mulleres pandeireteiras, que conservaron e transmitiron músicas e letras tradicionais en tempos difíciles. Tamén se agradeceu o traballo de quen recompilou ese legado para o noso goce colectivo. Participaron na exposición Calros Silvar, Eduardo Castro, Manolo Graña, Chelo do Xastre e Lestonnac Ibáñez, cunha ollada sensible sobre a nosa memoria sonora.

179 aniversario dos Mártires de Carral

Sábado, 26 de abril - 11.30 h

Conmemorouse o 179 aniversario dos Mártires de Carral cun acto diante do monumento erguido na súa memoria. Comezouse cunha ofrenda floral, seguida da lectura do manifesto a cargo de César Caramés, o seu autor. A xornada rematou cun roteiro teatralizado até o cemiterio de Paleo, coa participación da Asociación Cultural e Teatral Abril de Lume e Ferro. A actividade recordou a revolución popular galega de 1846, organizada por xuntas soberanistas e socialistas, que foi duramente reprimida. A convocatoria partiu de Vía Galega, plataforma da que formamos parte como colectivo implicado.



O desafío anticolonial do panafricanismo no Sahel

Mércores, 30 de abril - 19.30 h



A charla *O desafío anticolonial do panafricanismo no Sahel* reuniu a Abuy Nfubea, xornalista, escritor, activista e intelectual panafricanista. Fundador do partido Panteras Negras en España e secretario xeral da IV Internacional Panafricanista, é tamén director de Uhuru Afrika TV e profesor na Universidade Carlos III e na Malcolm Garvey University. Durante o encontro expuxéronse as claves do pensamento panafricanista como ferramenta de resistencia fronte ao neocolonialismo no Sahel, achegando unha análise crítica da xeopolítica, da loita pola soberanía e do papel das diásporas africanas.

Presentación de *O que estou a dicir cando digo ALTRI NON!*

Venres, 2 de maio - 19.30 h

Presentouse o ensaio *O que estou a dicir cando digo «ALTRI NON!»*, de Xosé de Cea, publicado por Laiovento. O autor ofreceu unha análise radicalmente emocional e subxectiva da loita contra o proxecto de Altri e Greenalia en Palas de Rei. A actividade puxo o foco na dimensión íntima e humana da mobilización social, máis alá dos datos obxectivos, permitindo unha reflexión profunda e compartida sobre a defensa do territorio, a forza da indignación colectiva e o valor da palabra como ferramenta de resistencia, esperanza e afirmación identitaria fronte á destrución.



Café feminista: Estamos as mulleres máis apoderadas?

Sábado, 3 de maio - 12.00 h



O café feminista desta ocasión centrouse na cuestión do apoderamento das mulleres. A sesión propiciou un espazo de reflexión crítica sobre se o apoderamento feminino é real ou só aparente, e se as medidas que o promoven responden verdadeiramente aos intereses das mulleres ou reproducen dinámicas de poder tradicionais. A conversa foi rica en matices e experiencias compartidas, cuestionando se estamos a exercer máis poder ou simplemente asumindo roles masculinos. Foi un diálogo necesario e comprometido coa construción dun feminismo consciente e transformador.

Ciclo Pensando o Futuro: Teatro e memoria

Luns, 5 de maio - 19.30 h

No marco do ciclo Pensando o Futuro, celebrouse un encontro arredor da relación entre teatro e memoria, coa participación da actriz Melania Cruz. A convidada afondou no poder do teatro como ferramenta para recuperar, visibilizar e compartir a memoria colectiva, vinculándoa coa realidade presente e coa proxección dun futuro consciente. A reflexión xirou arredor da importancia de coñecer o pasado para comprender o camiño percorrido e fortalecer o compromiso co noso tempo. A intervención foi inspiradora, profunda e chea de sensibilidade escénica e política.



Presentación de *Cadernos da desmemoria*

Mércores, 7 de maio - 19.30 h



Presentouse o libro *Cadernos da desmemoria*, de Manuel Teira, nun acto no que tamén participou o escritor Antom Laia. A actividade permitiu afondar nunha obra poética intensa e complexa, marcada pola rememoración, o desarraigamento e a busca do eu. Con gran carga simbólica e unha linguaxe que mestura rexistros cultos e populares, o autor ofreceu unha reflexión sobre a existencia dende a melancolía, mais tamén dende a beleza e a resistencia. O encontro combinou literatura, pensamento e emoción, creando un espazo de fonda conexión co público.

Outras historias do cinema: Isabel Ruth

Xoves, 8 de maio - 19.30 h

No marco do ciclo Outras historias do cinema, tivo lugar unha sesión dedicada á actriz portuguesa Isabel Ruth, conducida por Martin Pawley. A actividade serviu para repasar unha traxectoria de máis de sesenta anos vinculada ao mellor do cinema portugués, colaborando con figuras fundamentais como Manoel de Oliveira, Paulo Rocha ou Teresa Villaverde. Isabel Ruth foi presentada como unha lenda viva, viaxeira incansable e muller libre, cuxa presenza define e enriquece a identidade do cinema do seu país. A sesión combinou análise cinematográfica e recoñecemento emotivo.



Lecturas presentes dun século de transformacións

Luns, 12 de maio - 19.30 h



No marco do ciclo Pensando o futuro, Alba Díaz Geada ofreceu unha reflexión sobre a transformación socioeconómica de Galiza ao longo do século XX, incidindo nas súas implicacións sociais e políticas. A súa intervención puxo o foco na historiografía crítica e naquelas mudanzas que seguen a ter impacto no presente. A historiadora, licenciada en Historia e doutora pola USC, forma parte do Grupo de Investigación Histagra e é autora do libro *Uma historia pequena da Galiza Rural (1939-1982)*, publicado por Através Editora.

Deseño e identidade do libro galego

Xoves, 15 de maio - 19.30 h

Pepe Barro ofreceu unha panorámica sobre o deseño e a identidade do libro galego, nun percorrido que abarcou desde as primeiras obras impresas até Edicións do Castro. Analizou os proxectos gráficos da Biblioteca Gallega de Martínez Salazar, a editorial Lar de Carré e Casal e Nós de Ánxel Casal, así como os traballos de Díaz Baliño, Castelao e Luís Seoane no exilio. Tamén abordou o papel de Bibliófilos Gallegos, Galaxia e Castrelos. A actividade contou coa presenza do propio Barro, deseñador gráfico e autor de *Máis que ver. Cen historias do deseño na Galiza*.



Ai das que levan no bico un cantar!

Venres, 16 de maio - 19.30 h



Xosé Luís Rivas "Mini" ofreceu unha charla cantada para celebrar o Día das Letras Galegas, centrada no papel da música tradicional como elemento conservador e xerador da identidade colectiva. A través da palabra e do canto, puxo en valor a función da música popular como forma de resistencia fronte á aculturación e como alicerce dos soños e da vida compartida. A actividade achegou o compromiso vital de Mini coa cultura galega, como integrante de Fuxan os Ventos e da Nova Canción Galega, así como a súa traxectoria como mestre e político vinculado ao rural, á lingua e á memoria do pobo.

Día das Letras Galegas 2025

Domingo, 18 de maio – 12.00 h

Con motivo do Día das Letras Galegas 2025, realizouse un acto o domingo 18 de maio diante do Teatro Rosalía, en colaboración coa AELG. A celebración estivo dedicada á poesía popular oral e ás mulleres transmisoras da tradición, con especial homenaxe a Adolfina e Rosa Casás Rama (Cerceda), Eva Castiñeira Santos (Muxía), e ás integrantes das Pandeireteiras de Mens (Malpica). Combinouse lectura e interpretación de textos con música tradicional nun obradoiro dirixido por Marta Pumares, no que se aprenderon pezas do repertorio das homenaxeadas.



Presentación de A historia da luz

Luns, 19 de maio – 19.30 h



Presentouse o libro *A historia da luz*. Breve biografía política e conversa com Luz Fandiño, de Antom Santos, centrado na figura da poeta e activista Luz Fandiño (1931–2024). A obra parte dunha conversa mantida coa mocidade do Grupo de Estudos da Fouce e percorre episodios vitais como a Compostela obreira da posguerra, a emigración á Arxentina peronista, o París do Maio do 68 e o retorno á Galiza postfranquista. O autor acompaña o relato cunha contextualización histórica que axuda a comprender o seu compromiso político.

Visita á exposición *70 anos da Agrupación Folklórica Aturuxo*

Martes, 20 de maio – 19.30 h

Realizouse unha visita guiada á exposición *70 anos da Agrupación Folklórica Aturuxo*. Homenaxe ás Pandereteiras de Mens, conducida por Isabel García Quintela, presidenta da agrupación. A mostra, na sala Salvador de Madariaga, percorre a historia do Aturuxo e das cantareiras de Mens, con fotografías, prensa, documentos e obxectos. Lémbrese tamén a súa primeira actuación nun escenario galego, no Teatro Colón en 1972. A actividade rematou cunha pequena actuación musical das actuais pandereteiras de Aturuxo.



Un repaso á historia da música pop en galego

Mércores, 21 de maio – 19.30 h



Pepe Cunha ofreceu unha charla sobre a historia da música pop en galego, desde os anos 60 ata hoxe. Partindo do interese polas novas propostas actuais, como Tanxugueiras ou Baiuca, a intervención serviu para recuperar nomes e momentos clave do noso panorama musical. Falouse de figuras pioneiras, fitos históricos, estilos diversos e movementos como Voces Ceibes ou o bravú. Cunha, creador de *Ábrete de Orelas* e autor de publicacións e exposicións sobre música galega, destacou a importancia de recoñecer a achega de artistas que abriron camiño e deixaron pegada na memoria sonora colectiva.

Ciclo Pensando o Futuro: Galiza no motor da historia

Xoves, 22 de maio – 19.30 h

No marco do ciclo Pensando o Futuro, contou coa participación de César Caramés Branco, docente e investigador especializado en historia contemporánea de Galicia. A partir da súa investigación sobre a Revolución Galega de 1846, ofreceu unha análise crítica sobre os efectos da distorsión historiográfica provocada polo españolismo e a importancia de recuperar un relato histórico propio. A sesión puxo o foco na necesidade de reinterpretar o pasado con ferramentas propias para construír unha visión de futuro empoderada e coherente coa realidade galega.



Inauguración da exposición *Estrañas froitas*

Venres, 23 de maio – 19.30 h



Inaugurouse a exposición *Estrañas froitas*, de Luís Mourenza, con máis de corenta debuxos e pinturas realizados entre 2023 e 2025. A mostra percorre a diversidade temática e estilística do autor, que alterna entre retratos, paisaxes urbanas, bodegóns e imaxes da contorna mediática. Mourenza integra referencias á historia da arte, ao cinema ou ás redes sociais con escenas cotiás, fundindo ficción e realidade. O seu trazo, ora bruto, ora delicado, crea un universo visual no que o mundo e a mancha que o representa chegan a confundirse.

Paseo polos relatos e a natureza na península da Torre de Hércules

Sábado, 24 de maio - 11.30 h

O sábado realizamos un paseo pola natureza e os relatos na península da Torre de Hércules, guiado por Antonio Sandoval Rey. Ao longo do percorrido —desde a praia de Durmideiras até o Areal— exploramos a biodiversidade da contorna, declarada ZEPa e Espazo Natural de Interese Local. Falamos do valor ecolóxico e simbólico da zona, combinando observación da paisaxe, divulgación ambiental e relato literario. A actividade contou cun grupo diverso, interesado en coñecer e valorar este espazo natural único da cidade.



Cineclub Bóveda: *Just Pales (Simplemente amigos)*

Luns, 26 de maio - 19.30 h



O Cineclub Bóveda proxectou *Just Pals (Simplemente amigos)*, un dos primeiros filmes do cineasta estadounidense John Ford. A proxección permitiu achegarse aos inicios dun autor fundamental na historia do cinema, cuxas obras marcaron xeracións de cineastas. Rodada en 1920, *Just Pals* é unha comedia con tintes románticos ambientada nun escenario de western, que destaca pola súa fresca narrativa e pola celebración da amizade como motor da historia. A actividade contribuíu a ampliar o coñecemento sobre a etapa silente do cinema e a evolución creativa de John Ford.

Presentación de *Os pozos elegantes das clavículas*

Mércores, 28 de maio - 19.30 h

Presentouse o último libro de poemas de María Álvarez Landesa, *Os pozos elegantes das clavículas*, publicado por Alvarellos Editora e gañador do Premio Follas Novas 2025. Acompañada por Beatriz Maceda, a autora compartiu co público a carga emocional dunha obra que, segundo Míriam Ferradáns, recolle a voz dunha muller orfa que perdeu a súa condición de filla. A través dunha escrita íntima, madura e evocadora, ofrece unha mirada persoal sobre a infancia e a perda, desde unha perspectiva que interpela o colectivo e propón unha poética do “nós”.



Perspectiva de xénero e o emprego do galego no eido legal

Venres, 30 de maio - 19.30 h



Celebramos un novo encontro arredor da xustiza e os dereitos lingüísticos, coa intervención de Rosalía Suárez, que afondou na incorporación da perspectiva de xénero e no uso do galego no eido legal. Analizáronse as consecuencias da ausencia desta perspectiva nos procesos xudiciais e a escasa presenza da nosa lingua nas sentenzas e na formación xurídica. A palestra puxo o foco na necesidade de construír un sistema máis xusto, feminista e plurilingüe, que garanta a defensa dos dereitos das mulleres e da diversidade. Foi presentada por Isabel Olmos, maxistrada do Tribunal Supremo.

Podemos pensar nunha sanidade pública con listas de agarda razoables?

Luns, 2 de xuño - 19.30 h

Dentro do ciclo Pensando o futuro, celebramos unha palestra centrada nun dos grandes retos sociais do noso tempo: a defensa dun sistema sanitario público, xusto e accesible. Da man de Manuel Martín García, voceiro da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, afondamos na problemática das listas de agarda e no seu uso como ferramenta de deterioro e privatización. A súa intervención convidou á reflexión colectiva sobre os límites e posibilidades dun sistema sanitario equitativo, reivindicando a necesidade de fortalecer a capacidade da sociedade civil para transformar realidades e garantir dereitos básicos.



Presentación de *Universo Cantigas. I. Cantigas de Amor*

Mércores, 4 de xuño - 19.30 h



Presentouse *Universo Cantigas. I. Cantigas de Amor*, obra que reúne as 704 cantigas de amor galego-portuguesas transmitidas polos cancioneiros medievais. Cada cantiga inclúe texto crítico, fontes manuscritas, edicións anteriores, paráfrase en galego actual e acceso á edición completa a través dun código QR. Coordinado por Manuel Ferreiro, o proxecto contou coa participación de Mariña Arbor Aldea, Bieito Arias Freixedo e Leticia Eirín. A publicación representa un fito nos estudos medievais e está a ter unha gran acollida no ámbito académico internacional.

Outras historias do cinema: Directoras dos cinemas do leste

Xoves, 5 de xuño - 19.30 h

No marco do ciclo *Outras historias do cinema*, celebramos unha sesión dedicada ás directoras dos cinemas do leste europeo. Martin Pawley guiou esta viaxe polas traxectorias de cineastas como Binka Jeliaskova, pioneira do cinema búlgaro e vítima da censura; Larisa Shepitko, recoñecida internacionalmente antes da súa trágica morte; ou Lana Gogoberidze, voz clave do cinema xeorxiano e parte dunha liña de mulleres cineastas que atravesa xeracións. A actividade puxo en valor a obra destas creadoras esquecidas, reivindicando a súa achega artística e histórica.



BRICS. A transición cara unha orde mundial alternativa

Venres, 6 de xuño - 19.30 h



A palestra *BRICS. A transición cara unha orde mundial alternativa* contou coa participación do sociólogo e analista internacional Aníbal Garzón, autor do libro homónimo, e foi organizada pola Fundación Galiza Sempre. Acompañado por Montse Prado, membro do Padroado da entidade, Garzón afondou na orixe histórica dos BRICS, nas transformacións que experimentaron desde a súa creación e no papel que xogan como alternativa á orde mundial. A actividade permitiu analizar criticamente un tema silenciado nos grandes medios, abrindo espazo para a reflexión colectiva desde unha perspectiva internacionalista.

Café feminista: Eu coido, ti coidas? El coida?

Sábado, 7 de xuño - 12.00 h

Nova sesión do Café Feminista arredor dos coidados: quen os realiza, como se socializan e que implicacións teñen. A actividade serviu para compartir reflexións sobre esta función esencial, analizando quen coida, a quen se coida e en que condicións. A conversa puxo o foco na dimensión colectiva dos coidados e na súa carga desigual, especialmente en termos de xénero. Foi unha proposta aberta á participación, sen necesidade de inscrición previa, que se celebrou en horario de mañá.



Pensando o futuro: Habitar precariedades

Luns, 9 de xuño - 19.30 h



Pechamos o ciclo Pensando o futuro cunha palestra sobre vivenda a cargo de Laura Pato, arquitecta e deseñadora. Baixo o título *Habitar precariedades*, a intervención analizou como os actuais modelos de produción e acceso á vivenda xeran unha precariedade habitacional estrutural. Reflexionouse sobre os efectos desta situación nas formas de habitar e nas condicións de vida da poboación. Laura Pato é coñecida pola súa labor de denuncia a través da conta de Instagram @le_petit_patito.

Presentación de *Lúas do Orzán*

Mércores, 11 de xuño - 19.30 h

Presentamos *Lúas do Orzán*, escolma teatral de Xesús Pisón publicada por Laiovento. Trátase dunha obra escrita desde a resistencia contra o capitalismo, incómoda e crítica, que afonda na función mobilizadora do teatro. Pisón, autor independente e afastado dos circuítos convencionais, reivindica unha escena que incomode e cuestione. Na presentación participaron o propio autor e Roberto Pascual, profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, nun diálogo arredor da dramaturxia como ferramenta de loita e conciencia.



Documental *Morreu o demo, acabouse a peseta*

Xoves, 12 de xuño - 19.30 h



Proxectamos o documental *Morreu o demo, acabouse a peseta*, dirixido por Pedro Solla e producido por Tintiman Audiovisual. A peza ofrece un percorrido polos títeres populares de Europa a través do labor de recuperación da compañía Viravolta Títeres, herdeira da barraca de Barriga Verde. Ao remate da proxección, houbo coloquio con Comba Campoi, produtora e investigadora sobre o teatro de Barriga Verde, e Anxo García, titiriteiro de Viravolta e membro da Asociación Cultural Morreu o Demo.

Revisar os marcos: *O pobo elixido*

Venres, 13 de xuño - 19.30 h

No marco do ciclo Revisar os marcos, organizamos coa Fundación Luzes a palestra *O pobo elixido*. Abordouse a experiencia de acollida de persoas inmigrantes en Mondariz Balneario, o concello máis pequeno de Galiza, como modelo de integración fronte ao discurso da extrema dereita. Interviron o xornalista Suso Iglesias e a socióloga Sonia Mendes (SOS Racismo), nun encontro que puxo o foco na responsabilidade das esquerdas para combater narrativas excluíntes e promover unha sociedade máis xusta e inclusiva.



Cineclub Bóveda: *O Sáhara non se vende*

Luns, 16 de xuño - 19.30 h



Nova sesión do Cineclub Bóveda coa proxección do documental *O Sáhara non se vende* (1977), de Jocelyne Saab. A actividade realizouse en colaboración coa Association Jocelyne Saab, que promove o legado da cineasta libanesa. A película, filmada durante a guerra do Sáhara Occidental, amosa a resistencia saharauí e a loita do Fronte Polisario. Esta sesión enmarcouse nas actividades arredor do Día Mundial das Persoas Refuxiadas, co obxectivo de visibilizar un conflito político aínda sen resolver.

Homenaxe a José María Monterroso Devesa

Martes, 17 de xuño - 19.30 h

O local do Circo de Artesáns acolleu un acto de homenaxe a José-María Monterroso, figura clave na recuperación da memoria histórica e na difusión do patrimonio galego. Organizado por amigas e entidades culturais da cidade (entre elas a nosa), o encontro reuniu intervencións de Siro López, Aurora Marco, Luís Pérez, Felipe Senén e Pura Tejelo. Destacouse o seu labor como investigador da emigración galega, promotor cultural e ponte viva entre Galiza e o Uruguai. Foi tamén fundador e presidente de entidades como O Facho, AELG e AGAL, cunha traxectoria comprometida e diversa.



Proxección de *Al-Shifa Hospital: The Crimes They Tried to Bury*

Mércores, 18 de xuño - 19.30 h



Proxectouse o documental *Al-Shifa Hospital: The Crimes They Tried to Bury*, unha produción de Al Jazeera 360 que reconstrúe o asalto ao principal hospital da Franxa de Gaza en novembro de 2023. A través de testemuños e metraxa verificada, denuncia un patrón de violencia contra infraestruturas civís. A actividade fíxose en colaboración con UDCxPalestina e insírese na liña de compromiso coa defensa dos dereitos humanos e a documentación de crimes de guerra.

Presentación de *Levitación, nivel iniciación* de Nacho Taibo

Xoves, 19 de xuño - 19.30 h

Presentouse o libro *Levitación, nivel iniciación* de Nacho Taibo, unha historia entre a realidade e a ficción protagonizada por Ákira, diplomático xaponés que descobre en Galiza unha experiencia mística. O autor regresou así á publicación literaria tras anos de silencio, con tres novelas en seis meses. Durante o acto, falou tamén do desinterese da crítica e das voltas da vida, entre elas, a chegada do seu primeiro neto. A actividade serviu para compartir conversa arredor da escrita, o humor e a fantasía.



Sahara Occidental: non des a esquecemento

Venres, 20 de xuño - 19.30 h



A palestra *Sáhara Occidental: non des á esquecemento* reuniu voces expertas e activistas para abordar a situación actual do conflito saharauí. A actividade puxo o foco na responsabilidade histórica do Estado español e na vulneración de dereitos do pobo saharauí, sinalando tamén o papel da sociedade civil na denuncia e solidariedade internacional. Contamos coa participación de Maite Isla, presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, e de representantes da comunidade saharauí residente en Galiza.

Inauguración da exposición *Maltrato á paisaxe de Maribel Valdivieso*

Mércores, 25 de xuño - 19.30 h

Inaugurouse a exposición *Maltrato á paisaxe* de Maribel Valdivieso, unha mostra fotográfica que convida a reflexionar sobre a destrución da natureza e a perda da paisaxe galega por mor de especies alleas e invasivas. A autora, fotógrafa amadora cunha longa traxectoria expositiva, recolle imaxes que apelan á conciencia ecolóxica e á necesidade de preservar o que sentimos como propio. A exposición preséntase como un berro visual fronte ao deterioro dun patrimonio natural que nos define.



IV Festa Amergin: Concerto do grupo 3A

Xoves, 26 de xuño - 21.00 h



A IV Festa Amergin da Poesía Atlántica comezou cun concerto do grupo 3A no Pub Delirium. A banda, formada por Alan Floyd, Ana Gabin e Antonio de Toro, ofreceu un repertorio de temas folk, rock, country e pop desde os anos setenta ata hoxe. A proposta musical estivo pensada como celebración da poesía e dos lazos atlánticos entre Galiza e Irlanda, enmarcándose dentro das actividades organizadas pola AC Alexandre Bóveda, In Nave Civitas e Xuntas polas Artes, coa colaboración do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin e a Torre de Hércules.

Conversa con Antonio Sandoval, Manolo Rivas, e Ciarán Dawson

Venres, 27 de xuño - 19.30 h

No marco da IV Festa Amergin da Poesía Atlántica, celebramos un encontro literario no noso local con Antonio Sandoval, Manuel Rivas e Ciarán Dawson. A conversa inicial xirou arredor da novela *Tras do ceo* e da *Canción de Amergin*, afondando na relación entre literatura e natureza. A continuación, Ciarán Dawson abordou a resistencia cultural a través da lingua irlandesa, compartindo a súa experiencia como profesor e activista, así como o seu paso pola prisión de Long Kesh durante o conflito no norte de Irlanda. Unha tarde intensa de palabras, memoria e compromiso.



IV Festa Amergin: Roteiro polo espazo natural da Torre de Hércules

Sábado, 28 de xuño - 19.30 h



No marco da IV Festa Amergin da Poesía Atlántica, realizouse un roteiro polo Espazo Natural de Interese Local da Torre de Hércules. A actividade estivo guiada por Xosé Alfeirán, Antonio Sandoval e Ana Santorum, combinando o coñecemento do territorio coa sensibilidade literaria e ambiental. A saída tivo lugar dende a Casa das Palabras e percorreu unha contorna privilexiada, cun enfoque que integrou natureza, historia e poesía.

IV Festa Amergin: Festa na praia do Areal

Sábado, 28 de de xuño - 21.00 h

A IV Festa Amergin da Poesía Atlántica pechou cun encontro festivo na praia do Areal, conducido por Xurxo Souto. A celebración combinou música, poesía e teatro nun escenario simbólico á beira do mar. Participaron o grupo teatral *Noite Bohemia*, integrantes de *Maghua* e do *Grupo de Cantos de Taberna* da AC Alexandre Bóveda, ademais das intervencións poéticas de Manuel Rivas e Ciarán Dawson. Esta festa final puxo o ramo a tres días de actividades arredor da poesía e a memoria compartida, cunha forte carga simbólica e creativa.



Díaz Pardo e as industrias da memoria

Luns, 30 de xuño - 19.30 h



Felipe-Senén ofreceu unha palestra baixo o título *Díaz Pardo (1920-2012): Obra, milagres e espolio*, centrada na figura e legado do artista e empresario. A través do Laboratorio de Formas de Galicia, Díaz Pardo impulsou proxectos que mesturaron arte, industria e memoria: O Castro, Sargadelos, o Museo C. Maside ou o Instituto Galego da Información. A charla abordou tamén o progresivo esmorecemento da identidade orixinal destas iniciativas, fundadas na ética e na estética galega.

Castelao, desta terra e deste tempo

Mércores, 2 de xullo - 19.30 h



Presentouse a obra *Castelao, desta terra e deste tempo* de Manuel Rei Romeu, que ofrece unha visión integral e rigorosa do creador rianxeiro. O libro percorre a súa obra artística e o seu pensamento político, destacando a coherencia entre ambas as facetas e desmontando lecturas que pretenden reducir a Castelao a unha figura inofensiva ou puramente estética. O autor reivindica a vixencia dun Castelao comprometido coa liberación nacional de Galiza. Manuel Rei Romeu, especialista na súa obra, conversou sobre estes temas acompañado de Pilar García Negro.

Outras historias do cinema: John Ford

Xoves, 3 de xullo - 19.30 h

Martin Pawley ofreceu unha nova sesión do ciclo *Outras historias do cinema* dedicada a John Ford, figura esencial do cinema estadounidense. Ao longo da charla analizouse a traxectoria dun autor admirado por cineastas como Bergman, Kurosawa ou Welles, destacando a súa capacidade para depurar a posta en escena e converter a súa obra nun referente de estilo. A sesión puxo especial atención na riqueza dos seus primeiros filmes, incluídos os mudos e os rodados nos anos trinta, como *Arrowsmith* ou *Pilgrimage*, e na aparente simplicidade que agocha a mestría dun creador singular.



Roteiro: Nomes propios do cinema e A Coruña

Venres, 4 de xullo - 19.30 h



Tivo lugar o roteiro *Nomes propios do cinema e A Coruña*, guiado por Martin Pawley. Ao longo do percorrido revisouse a memoria cinematográfica da cidade, desde os inicios de José Sellier ata proxectos contemporáneos como Zeitun Films. As persoas participantes coñeceron historias de figuras coruñesas que acadaron proxección internacional, personalidades esquecidas que importa recuperar e visitantes ilustres que deixaron unha fonda pegada no noso patrimonio audiovisual. O roteiro puxo en valor a relación viva entre A Coruña e o cinema, resaltando a importancia de preservar esta memoria colectiva.

Dúo Aedos: Trobadoras

Luns, 7 de xullo - 19.30 h

O Dúo AEDOS, formado por Julia Dopico Vale e Susana de Lorenzo, ofreceu a actuación Trobadoras, un programa dedicado a reivindicar e visibilizar o legado das mulleres compositoras ao longo da historia. A través do laúde e do canto lírico, o público puido escoitar un percorrido que abarcou desde as creacións da antigüidade, como as de Safo e Kassia de Constantinopla, ata as composicións medievais e barrocas de Hildegard von Bingen, Beatriz de Dia, Francesca Caccini, Barbara Strozzy, Gracia Baptista ou Maria Balteira. Un concerto que puxo en valor voces esquecidas e a súa contribución á cultura musical.



Presentación de *O mundo da fauna na poesía galega*

Mércores, 9 de xullo - 19.30 h



Presentouse o libro *O mundo da fauna na poesía galega. Ensaio antolóxico*, de Sebastián Martínez-Risco Macías. Esta obra recolle unha serie de conferencias impartidas polo autor sobre a presenza da fauna na poesía galega, que ficaran preparadas para a súa publicación en 1969, incluíndo un prólogo de Lois Tobio. Porén, non viron a luz até 2025 grazas á colaboración da familia de Sebastián, da Fundación Vicente Risco —a través do selo editorial Dr. Alveiros— e á implicación de Xosé Ramón Freixeiro Mato e Paulo Carballada. No acto participaron Elvira Carregado, Isabel Martínez-Risco e Paulo Carballada.

O mundo do traballo en Palestina: de Oslo ao xenocidio

Xoves, 10 de xullo - 19.30 h

Tivo lugar a palestra *O mundo do traballo en Palestina: de Oslo ao xenocidio*, coa participación de Suzan Tayseer Abdel Salam, Nithya Nagarajan e Xosé L. Rivera Jácome. Analizáronse as condicións da clase traballadora palestina tras os acordos de Oslo, o papel da solidariedade internacional e das organizacións sindicais, e a situación actual das persoas traballadoras. Suzan Tayseer Abdel Salam achegou un valioso testemuño directo desde Palestina.



Roteiro: unha cidade con Ciencia

Venres, 11 de xullo - 19.30 h



Realizouse un roteiro sobre ciencia guiado por Xosé Antón Fraga, coñecido como Tino Fraga, divulgador científico e antigo director dos Museos Científicos coruñeses. O percorrido desenvolveuse por diversos espazos da Coruña relacionados coa creación e difusión do coñecemento científico. Ao longo do paseo evocáronse figuras destacadas como María Wonenburger, Ramón de la Sagra, Durán Loriga, Celia Brañas, Nóvoa Santos e o médico Rodríguez, que contribuíron de maneira notable ao progreso científico. A actividade tivo unha duración aproximada de hora e media e comezou na praza de Pontevedra.

Palestina animada. Proxección e presentación de curtas

Sábado, 12 de xullo - 18.00 h

Palestina Animada presentouse por primeira vez en Galiza cunha sesión no noso local dedicada ao cinema de animación palestino. O proxecto, promovido por un colectivo de cineastas, artistas e activistas de Palestina, Noruega e do Estado Español, ofrece unha selección de curtametraxes e longametraxes realizadas por profesionais e en obradoiros na Palestina ocupada. O ciclo itinerante estreouse en Cantabria e pasou por Oslo, localidades de Noruega, Vélez Málaga e Portugal. No acto celebrouse unha mesa redonda co escritor Moncho Iglesias, quen compartiu a súa experiencia.



Presentación de *Memorias de Cara B*

Luns, 14 de xullo - 19.30 h



Presentouse a obra *Memorias de Cara B*, de Fernando A. Fernández Domonte, un compendio de vinte e cinco relatos baseados en feitos reais e narrados en primeira persoa. Recolle vivencias curiosas, aparentemente anecdóticas, que se convierten en relatos cheos de intrahistoria, humor e retratos de época. O libro destaca pola súa linguaxe clara e a mestura de galego e castelán, que achega orixinalidade. Entre os personaxes figuran Laxeiro, Blanco Amor, Méndez Ferrín, Fraga, Beiras ou Fidel Castro. Inclúe tamén un apéndice biográfico dos protagonistas máis relevantes.

Cineclub Bóveda: *O quimono vermello* (1926)

Mércores, 16 de xullo - 19.30 h

O Cineclub Bóveda pechou o curso cunha sesión dedicada ao filme mudo *O quimono vermello* (Walter Lang, 1926), producido por Dorothy Davenport e baseado nun caso real. A película abordou o drama da prostitución e as dificultades dunha muller para reintegrarse na sociedade tras unha experiencia traumática. A proxección contou con acompañamento musical en directo a cargo da violinista María Pilar Pérez Rodríguez, con ampla traxectoria en diversas orquestras sinfónicas e agrupacións de cámara.



Xornalismo en tempos de *bulocracia*

Xoves, 17 de xullo - 19.30 h



Dentro do ciclo de colaboración coa Fundación Luzes, celebrouse un coloquio centrado no xornalismo en tempos de "bulocracia". Abordouse como a dereita e a extrema dereita conseguiron dominar a esfera mediática e que responsabilidade teñen as redes sociais, os medios e os propios xornalistas nesta situación. Debatéronse tamén os retos do xornalismo serio fronte á desinformación e á perda de valor dos feitos. Participaron David Lombao, director de *Praza Pública*; Juan Oliver, xornalista en *Luzes* e *Público*; e Cristina Lombao, da Radio Galega.

Roteiro: Vivir na Coruña, que bonito é

Venres, 18 de xullo - 19.30 h

Realizouse un roteiro baixo o título *Vivir na Coruña, que bonito é*, guiado por Patricia Angulo e Carmela Galego. A actividade percorreu a zona suroriental da cidade, tradicionalmente ligada ao lecer e ás celebracións colectivas. Analizouse como A Coruña lle foi gañando espazo ao mar para crear lugares de encontro e festa, nun proceso que se estende xa por 150 anos. O percorrido permitiu redescubrir os espazos que acolleron celebracións emblemáticas, facendo un repaso pola historia festiva e urbana da cidade desde unha perspectiva histórica e patrimonial.



Reunión pola declaración BIC do Museo Carlos Maside

Luns, 21 de xullo - 19.30 h



Tivo lugar na nosa sede unha reunión convocada conxuntamente pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, a Asociación Eiravella de Betanzos e a A.C. Irmáns Suárez Picallo de Sada, diante da inminente caducidade do procedemento para a declaración como Ben de Interese Cultural do Museo Carlos Maside. Participaron persoas, colectivos e entidades preocupadas pola paralización do expediente, incoado hai case dous anos, e pola posibilidade de que o museo perda esta oportunidade de protección institucional.

Presentación de *Ben Mantidos*

Mércores, 23 de xullo - 19.30 h

Presentouse o libro *Ben mantidos. Historia cultural da gastronomía galega*, de Xavier Castro Pérez, nun acto no que tamén participou o médico e gastrónomo Antonio Doce. O autor debullou as principais liñas deste ensaio que percorre pratos emblemáticos da nosa cociña, como o cocido ou as empanadas, e ofrece unha interpretación optimista da historia galega a través da súa dieta atlántica. A obra combina divulgación e análise cultural, e reivindica a alimentación como parte esencial da identidade colectiva. Xavier Castro é historiador e foi recoñecido co Premio Picadillo polo seu labor divulgador.



Día da Galiza Mártir

Luns, 18 de agosto - 19.30 h



Conmemorouse o Día da Galiza Mártir cun acto en lembranza de Alexandre Bóveda, figura clave do nacionalismo galego e vítima da represión franquista. A través da súa memoria, rendeuse homenaxe a todas as persoas represaliadas polo franquismo. Entrevi Goretti Sanmartín, alcaldesa de Santiago. A parte musical estivo a cargo de Davide Salvado, recoñecido intérprete da música tradicional galega. O acto mantivo o seu carácter reivindicativo e emotivo, reafirmando o compromiso coa memoria histórica.

Día da Galiza Mártir en Nós (Oleiros)

Domingo, 24 de agosto - 12.00 h

Conmemorouse o Día de Galiza Mártir cun acto público na Praza da Liberdade, en Nós (Oleiros). A actividade realizouse ante a Casa do Pobo, espazo simbólico da unión veciñal, e serviu para render homenaxe a todas as vítimas da represión franquista. Nesta edición púxose o acento na lembranza de Syra Alonso. O evento contou coa participación de Iria Taibo, Claudía Morán e Carmela Galego, presidenta da nosa asociación, así como coa actuación musical de Brais Morán. A iniciativa desenvolveuse en colaboración co BNG de Oleiros, mantendo viva a memoria histórica e colectiva.



Asemblea Aberta. Museo Carlos Maside

Xoves, 4 de setembro - 19.30 h



No noso local tivo lugar unha reunión convocada conxuntamente pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, a Asociación Eiravella de Betanzos e a A.C. Irmáns Suárez Picallo de Sada. O encontro xurdiu tras o decreto da Xunta de declaración BIC do Museo Carlos Maside, co obxectivo de poñer en común as valoracións e decidir accións futuras de xeito conxunto. Participaron persoas, colectivos e entidades interesadas na preservación do patrimonio cultural galego.

Inauguración da exposición fotográfica *Ser-tão*

Luns, 8 de setembro - 19.30 h

Inaugurouse no noso local a exposición fotográfica *Ser-tão*, de Marcos Vieira, en colaboración coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. A mostra, comisariada por Jakson R. R. Soares, amosou imaxes que revelaban as nuances e a riqueza cultural do estado do Ceará, no nordeste brasileiro. O acto de apertura contou coa música da intérprete brasileira Euterpe, quen acompañou unha xornada dedicada á arte, á identidade e á memoria colectiva, fortalecendo así o compromiso cultural compartido.



A lingua en xogo: o galego no deporte

Martes, 9 de setembro - 19.30 h



No marco do ciclo "Revisar os marcos" realizado en colaboración coa Fundación Luzes, desenvolveuse unha actividade arredor do tema da lingua no deporte. Reflexionouse sobre como o deporte, especialmente o fútbol, contribúe á construción da identidade colectiva e pode funcionar como un recurso útil para a dinamización lingüística. Presentouse o proxecto Aquí tamén se fala, exemplo do compromiso da mocidade coa preservación do galego. A sesión contou coa participación de Marta Otero, xornalista, e Alberto Pombo, director do IES Rafael Dieste e impulsor da iniciativa.

A voz das mulleres na plástica galega do século XX

Mércores, 10 de setembro - 19.30

Bea Álvarez abordou a voz das mulleres na plástica galega do século XX, reflexionando sobre a marxinación histórica das creadoras e a súa exclusión dos principais movementos artísticos. Durante a sesión, analizáronse as estruturas patriarcais e educativas que limitaron o acceso das mulleres á formación e aos espazos públicos de visibilidade, e subliñouse a importancia de construír unha historia da arte máis inclusiva, plural e xusta. O encontro destacou a necesidade de visibilizar e revisar o papel das artistas galegas ao longo do tempo.



Outras historias do cinema: O cinema antes do cinema

Xoves, 11 de setembro - 19.30 h



Dentro do ciclo *Outras historias do cinema* tivo lugar unha conferencia a cargo de Martin Pawley titulada O cinema antes do cinema. Nesta sesión repasouse a longa tradición humana de procurar a ilusión de movemento, presente xa na arte rupestre, e continuada a través de distintos xogos ópticos tanto individuais como colectivos. Abordouse tamén o impacto da invención da fotografía e o desafío de captar a realidade en movemento, para descubrir que xa existían escenas animadas antes da chegada do cinematógrafo dos irmáns Lumière.

Roteiro: Cousas da escola

Venres, 12 de setembro - 19.00 h

O roteiro *Cousas da escola* invitou a percorrer a cidade lembrando os tempos de escola e de lecer. A actividade percorreu edificios educativos da Coruña, desde os do barrio da Pescaría, con funcións educativas desde finais do século XIX, ata outros espazos do século XX próximos ao seu centenario, que cumpriron a promesa de ofrecer educación á poboación. O percorrido estivo guiado por Patricia Angulo, divulgadora da historia da cidade, e Carmela Galego, historiadora da arte, e tivo como punto de saída o CEIP Curros Enríquez.



Visita: o Souto das Esculturas Galán-Nistal

Sábado, 13 de setembro - 12.00 h



Realizouse unha visita ao Souto das esculturas Galán-Nistal para coñecer o espazo creativo dun dos escultores galegos máis relevantes. O concepto de hierofanía, entendido como a manifestación do sagrado vencellado coa paisaxe, serviu de fío condutor para comprender o diálogo entre arte e natureza. O encontro entre a Ría de Ares, o territorio sadense e a obra de Pepe Galán completouse coa música de Wilson Ortega, xerando unha experiencia que uniu escultura, partitura e contorno natural.

Presentacion de *Follas Novas*, número 9

Luns, 15 de setembro - 19.30 h

Presentouse o número 9 da revista *Follas Novas* de estudos rosalianos, publicación da Fundación Rosalía de Castro centrada nesta ocasión na relación da autora con Portugal, aínda que incluíu tamén artigos doutra temática. No acto participaron Anxo Angueira, Xosé Luís Axeitos, Pilar García Negro e Gonzalo Castro. A revista reuniu contribucións de investigadores de Portugal, Arxentina e Galicia, con estudos que abranguen desde biografías e homenaxes ata análises sobre a presenza de Rosalía e a súa familia na Coruña.



O ollo debe viaxar

Mércores, 17 de setembro - 19.30



Iria-Friné Rivera Vázquez ofrece a palestra titulada *O ollo debe viaxar. O espírito creativo da pintura dende o Fin de Siècle aos ruxintes anos 20*, dentro do ciclo *Visionarte: Arte contemporánea galega baixo ollos de Muller*. A historiadora da arte abordou a efervescencia cultural e estética que marcou a transición entre finais do século XIX e o período de entreguerras, repasando movementos como o Simbolismo, o Modernismo, o Fauvismo, o Expresionismo, o Cubismo ou a Bauhaus, e analizando o seu impacto transformador na historia da arte.

Presentación de *O conto da leiteira*

Xoves, 18 de setembro - 19.30 h

No noso local presentouse *O conto da leiteira*, de Vicente Vázquez Vidal, publicado por Editorial Caldeirón. A obra, galardoada co XXVIII Premio Francisco Añón de Poesía, foi presentada como unha pequena xoia literaria que aborda a saga familiar, a herdanza e o impacto do progreso, reflexionando sobre o que foi, o que puido ser e o que podería chegar a ser. Durante a sesión, o autor estivo acompañado pola escritora Emma Pedreira, que contribuíu ao diálogo sobre a creación literaria e a interpretación da obra.



Roteiro-celebración: Todas somos diplomáticas

Venres, 19 de setembro - 19.00 h



O roteiro desenvolveuse baixo o título *Ópera ambulante: Todas somos diplomáticas*, guiado por Xurxo Souto e acompañado pola música de Pulpiño Viascón. A actividade percorreu o barrio, desde Monte Alto até a Pescaría, co obxectivo de celebrar o cambio do nome dunha rúa en prol da Memoria Histórica, entendido como un logro colectivo. A proposta vinculouse ao legado dos Diplomáticos de Monte Alto, símbolo de resistencia cultural, compromiso social e defensa da identidade popular, e concluíu cunha pequena festa.

Cineclub Bóveda: *Estrelas (Sterne)*

Luns, 22 de setembro - 19.00 h

Comezou unha nova tempada do Cineclub Bóveda coa proxección do filme *Estrelas (Sterne)*, dirixido por Konrad Wölf. Realizada a finais do verán de 1958 na contorna de Sofía e estreada en 1959, esta coprodución entre a RDA e Bulgaria destacou por relatar, dende a perspectiva alemá, o xenocidio e a represión nazi contra o pobo xudeu. O filme recibira o premio especial do xurado no Festival de Cannes de 1959. A sesión enmarcouse nun foco dedicado a clásicos pouco coñecidos do cinema alemán e contou coa colaboración do Instituto Goethe.



Incendios, territorio e comunidade: a experiencia dos montes veciñais

Xoves, 25 de setembro - 19.30 h



Tivo lugar unha mesa redonda organizada en colaboración con INGATECO sobre os incendios e a ordenación do territorio. Contou coa participación de Manuel Soaxe Bernárdez e Claudio Quintillán Vallejo. INGATECO, fundado en 2019, traballa na defensa das terras comunitarias e dos montes veciñais en man común, elaborando materiais didácticos, organizando actos de homenaxe e impulsando iniciativas de recoñecemento legal e histórico. A entidade participa en debates e foros en Galicia e Portugal arredor da xestión do territorio.

Mulleres, memoria e loita: Amparo López Jean e Neus Català

Venres, 26 de setembro - 19.30 h

O encontro coa xornalista Carme Vidal e a historiadora Elisenda Belenguer foi convocado conxuntamente coa Fundación Galiza Sempre e contou coa colaboración das fundacións Neus Català, Nexe e Darder Mascarò. A actividade abordou a figura de catro mulleres esenciais na historia de Galiza e dos Países Cataláns: Amparo López Jean, Neus Català, Virtudes Cuevas e Amparo Picornell. As relatoras detivéronse especialmente nas traxectorias de Amparo L. Jean e Neus Català, protagonistas da loita pola xustiza social e os dereitos das mulleres.



Homenaxe e enterro do pintor Francisco Miguel

Luns, 29 de setembro - 12.30 h



Celebrouse unha homenaxe ao artista Francisco Miguel, asasinado polas forzas golpistas en 1936. No acto entregáronse á súa familia os restos exhumados pola Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica en 2023. A xornada desenvolveuse en dúas partes: primeiro cun acto institucional no que se fixo entrega solemne dos restos, e a continuación cunha marcha cívica que acompañou o ataúde ata o cemiterio, onde se realizou o enterro. Diversas entidades sociais e institucionais participaron nesta homenaxe pública.

Inauguración da exposición *Ailalelo* no Fórum Metropolitano

Martes, 30 de setembro - 18.30 h

A exposición fotográfica *Ailalelo*, do colectivo *Ollo de Vidro*, inaugurouse no Fórum Metropolitano en colaboración coa Asociación Veciñal Oza Gaiteira Os Castros. A mostra puxo en valor o patrimonio cultural inmaterial galego a través do legado musical, recoñecendo especialmente o papel das mulleres pandeireiras que mantiveron vivas as músicas e as letras tradicionais. O acto contou coa actuación das pandereteiras *As Galantiñas* da AC Donaire. Tamén se salientou o labor das persoas que recolleron e transmitiron este patrimonio, garantindo que Galiza continúe a soar con voz propia no universo dos pobos.



Outras historias do cinema: o inicio do cinema

Mércores, 1 de outubro - 19.30 h



Na sesión do ciclo Outras historias do cinema, Martin Pawley centrou a súa intervención no nacemento do cinema e na creación da súa linguaxe. Comezou lembrando a primeira exhibición pública do cinematógrafo dos irmáns Lumière en París e explicou como, a partir desas primeiras imaxes, se foron establecendo as regras gramaticais que permitiron pasar das vistas iniciais a obras narrativamente máis complexas. A actividade ofreceu unha aproximación a aquel período decisivo no que o cinema consolidou as bases para desenvolver a súa capacidade de contar historias.

Unha xeración pola cultura galega: a arte dos Novos

Xoves, 2 de outubro - 19.30 h

Celebrouse unha palestra de Laura Alejandro González dentro do ciclo *Visionarte: Arte contemporánea galega baixo ollos de Muller*. A sesión centrouse na xeración de artistas coñecida como Os Novos, que nas primeiras décadas do século XX renovou a arte galega combinando tradición e vangardas europeas. Carlos Maside, Manuel Colmeiro, Arturo Souto e Luís Seoane foron algúns dos protagonistas desta eclosión cultural que destacou pola defensa da identidade galega e a figura da muller como símbolo de traballo e maternidade, unha pegada que se mantén viva hoxe.



Presentación de *Diarios de Syra Alonso*

Venres, 3 de outubro - 19.30 h



Presentouse a obra *Diarios de Syra Alonso*, ligada a lugares como Tordoia, Bértoa, A Coruña e Actopán. Estes diarios recollen a loita dunha Muller Muro por tentar liberar do terror fascista ao seu compañeiro, o pintor Francisco Miguel. No acto participaron Soledad Agra, deputada provincial de Igualdade, David Lozano, da ARMH, e Carmela Galego, da ACAB. O encontro contou tamén coa música de Brais Morán e coa intervención dun grupo de investigadoras especializadas nesta parella galega e cosmopolita.

Cafés feministas: Verán, cansa ou descansa?

Sábado, 4 de outubro - 12.00 h

Comezou un novo curso dos Cafés feministas cun encontro que xirou arredor da pregunta "Verán, cansa ou descansa?". A conversa partiu da idea do verán como tempo propicio para o descanso e o coidado do benestar físico e mental, mais puxo tamén sobre a mesa se esa realidade é común para a maioría das mulleres. O debate permitiu compartir experiencias arredor de como se chega a setembro e reflexionar sobre o impacto desta estación na vida cotiá e na percepción do propio benestar.



Estudos de Medicina: Compromiso, visión e retos de futuro

Mércores, 8 de outubro – 19.30 h



Iniciouse unha nova edición do ciclo Pensando o Futuro cunha palestra de Ricardo Cao, reitor da Universidade da Coruña. Nesta primeira sesión abordouse o tema dos estudos de Medicina, presentando o compromiso da UDC coa creación dunha Facultade propia. Expuxéronse os retos de futuro no ámbito sanitario, a necesidade dunha atención personalizada e os recursos cos que xa conta a institución, como o CHUAC e o INIBIC. A charla serviu como foro público para defender a proposta e abrir o debate social arredor dela.

Presentación de *Atravesar o Don*

Xoves, 9 de outubro – 19.30 h

Presentouse o libro *Atravesar o Don* de Fran Fernández Davila, obra gañadora do Illas Sisargas 2025 de poesía erótica. O autor propón unha exploración que atravesa a intimidade e o cotián, rachando fronteiras e debuxando o erotismo desde múltiples perspectivas. A súa traxectoria combina a enxeñaría co cultivo literario, no que acadou numerosos premios e publicou novelas e poemarios de relevancia. No acto destacou a súa capacidade de conectar coa experiencia sensorial a través da palabra poética. O autor estivo acompañado por Emma Abella.



Inauguración da exposición *Retratos de Xaquín Silva*

Venres, 10 de outubro – 19.30 h



A exposición *Retratos*, de Xaquín Silva, presentou quince traballos en formato aproximado de 45x50 cm. Foron fotomontaxes non dixitais, retratos que combinaban distintos puntos de vista da figura nun mesmo plano, inspirados no cubismo. Algúns completábanse con encaixes de papel, copias doutras fotografías ou fondos preparados con acuarela e pastel. As obras ofrecían unha exploración puramente plástica, sen outro discurso, dentro da traxectoria do autor, que combina poesía e fotografía en series temáticas.

Roteiro Castelao na Coruña

Sábado, 11 de outubro - 12.00 h

Organizouse un paseo pola cidade da Coruña para lembrar os vínculos de Castelao coa cidade. A actividade, guiada por diferentes especialistas, percorreu espazos significativos da súa vida e obra: a estatua dos Xardíns de Méndez Núñez, o antigo Cine Avenida, o Circo de Artesáns, a sede da Editorial Nós, a rúa Real, a Praza dos Ovos e o Teatro Rosalía. En cada parada falou-se do seu labor como símbolo galeguista, debuxante, humorista, escritor e político. O percorrido contou tamén cun pasarrúas e coa interpretación musical de Mónica Pérez López e Pablo Méndez Carreira.



Presentación de *A morte nas fragas*

Luns, 13 de outubro - 20.00 h



Celebrouse un acto de memoria e resistencia arredor da historia de Galiza durante a Guerra Civil e a posguerra. Presentouse a novela gráfica *A morte nas fragas*, con guión de Anxos García Fonte e debuxos de Carlos Sardiña, que narra historias de violencia e resistencia na Galicia rural entre 1936 e finais dos anos cincuenta. O evento completouse coa proxección do documental *Os fíos da memoria*, que recolle a investigación de Constantino Rico para esclarecer o destino do seu avó, vítima da represión franquista.

Visita guiada á exposición de Mercedes Touzón Caboalles

Martes, 14 de outubro - 19.30 h

Realizouse unha visita guiada á exposición de Mercedes Touzón en colaboración coa AC AÍS. A mostra propuxo un diálogo entre o tradicional e o moderno, entre o ancestral e o contemporáneo, ofrecendo nova vida a obxectos persoais e familiares recuperados do desuso e da memoria. As pezas cuestionaron a desvalorización de certos labores tradicionalmente asociados ao ámbito privado e feminizado, poñendo en valor estas prácticas fronte á produción artística convencional e abrindo novas perspectivas críticas e estéticas.



Revisar os marcos: Despois do lume

Xoves, 16 de outubro – 19.30 h



No marco do ciclo *Revisar os marcos*, que organizamos en colaboración coa Fundación Luzes, tivemos un encontro baixo o título *Despois do lume*. Nesta sesión reflexionamos arredor da emerxencia climática e dos incendios forestais, entendidos non só como unha catástrofe ambiental, senón tamén como un fenómeno que afecta á maneira en que habitamos a terra. Analizouse como cada verán o lume regresa con máis intensidade, acompañado de máis seca e temperaturas máis elevadas, e como a sociedade tende a reducir as súas consecuencias a cifras e custos, esquecendo dimensións máis profundas.

Palestina libre desde o río ao mar

Venres, 17 de outubro – 19.30 h

Na sesión proxectouse o documental *La raíz del olivo*, pechando cun coloquio con Carlos Aznárez, director de Resumen Latinoamericano. Este medio xurdiu en 1979 como revista no exilio en Madrid e, tras o regreso a Arxentina en 1983, transformouse en 1993 nun xornal impreso. Co tempo expandiuse a outros países e formatos, incluíndo boletíns dixitais, programas de radio e televisión. Durante a intervención, Aznárez compartiu a traxectoria desta plataforma comunicacional, vencellada ás loitas contra o capitalismo, o imperialismo e o patriarcado, así como á defensa da solidariedade internacionalista.



VI Encontro da Noite

Sábado, 18 de outubro – 18.00 h



Celebrouse o VI Encontro da Noite, organizado pola Agrupación Ío e a AC Alexandre Bóveda, centrado na contaminación luminosa, a preservación da escuridade natural e o valor do patrimonio nocturno. A xornada iniciou cun coloquio sobre os retos ecolóxicos actuais, partindo do libro *La Tierra exhausta*, moderado por Juan F. Samaniego, xornalista e membro da Agrupación Ío. Continuou cunha conferencia da cronobióloga María de los Ángeles Rol de Lama, que explicou os efectos da luz artificial nocturna na saúde humana e nos ritmos biolóxicos.

Cineclub Bóveda: *Quen ama a terra*

Luns, 20 de outubro - 20.00 h

A sesión do Cineclub Bóveda estivo dedicada á proxección do documental *Quen ama a terra*, realizado por Joachim Hellwig, Uwe Belz, Jürgen Böttcher e Harry Hornig. A película recolle a celebración en Berlín Leste do 10º Festival Mundial da Xuventude e o Estudantado, no ano 1973, que contou con millóns de participantes e coa presenza de figuras destacadas como Yasser Arafat ou Angela Davis, así como coas actuacións musicais de artistas como Isabel Parra. Foi a segunda entrega do ciclo de cinema alemán organizado en colaboración co Instituto Goethe.



Pensando o futuro: Da fronteira á Eurorrexión

Mércores, 22 de outubro - 19.30 h



No marco do ciclo Pensando o Futuro desenvolveuse unha sesión a cargo de Inês Gusman, profesora de Xeografía da USC e directora da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galiza-Norte de Portugal. A palestra centrouse na evolución da fronteira entre Galiza e Portugal, que durante as ditaduras ibéricas funcionou como barreira e que nas últimas décadas se foi transformando nun espazo de encontro. Analizáronse os procesos de cooperación transfronteiriza, as transformacións políticas recentes e os desafíos comúns da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

Presentación de *Brevísima historia do conflito entre Israel e Palestina*

Xoves, 23 de outubro - 19.30 h

Presentouse o libro *Brevísima historia do conflito entre Israel e Palestina*, de Ilan Pappé, traducido por Carlos Aymerich. A obra ofrece unha síntese clara da colonización sionista e da resistencia palestina ao longo de máis dun século. O autor, historiador israelita exiliado no Reino Unido, analiza a evolución da sociedade israelí cara posicións cada vez máis racistas e confesionais, e propón como saída a creación dun único Estado democrático, laico e plurinacional. O acto contou coa participación de Carlos Aymerich e Xosé Luís Armesto.



Pedras Vivas. Literatura, xardín e auga

Sábado, 25 de outubro - 12.30 h



A compañía *Noite Bohemia* presentou *Pedras vivas*, unha proposta teatral ambientada na Coruña de 1920. A actividade desenvólvese nos xardíns de Méndez Núñez, nun espazo natural que serviu de escenario para evocar a literatura, o xardín e a auga como fíos condutores. A representación, situada nas escaleiras do edificio Atalaia, combinou historia e cultura local, lembrando noticias e ambientes da época. O público puido seguir esta viaxe dramatizada que deu vida ás pedras e recuperou o papel dos xardíns como refuxio cultural e escaparate da cidade.

Un Olo de Vidro. A maxia de Castelao na evocación do Sobrenatural

Mércores, 29 de outubro - 19.30 h

Iria-Friné Rivera Vázquez ofreceu unha palestra titulada *Un Olo de Vidro. A maxia de Castelao na evocación do Sobrenatural*, integrada no ciclo Visionarte: Arte contemporánea galega baixo ollos de muller. A intervención centrouse na análise da novela *Un Olo de Vidro*, publicada en 1922 por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, destacando a súa conexión coa tradición do horror gótico, o Romanticismo Negro e o expresionismo europeo, así como a súa relevancia artística, literaria e social dentro do contexto cultural galego.



Presentación de *Fíos de transparencia acesa*

Xoves, 30 de outubro - 19.30 h



Presentouse o libro *Fíos de transparencia acesa*, de Esperanza L. Mariño Davila, centrado na faceta literaria de X. M. Beiras. A obra afonda nas súas traducións de autores como Camus, Sartre ou Anouilh, conectando este labor co seu compromiso ético e político. Na presentación participaron, xunto á autora, X. M. Beiras e Francisco Fernández Rei. O libro analiza tamén outras obras clave de Beiras, así como a súa influencia na cultura galega, poñendo en valor a súa excepcional formación humanística e a singularidade da súa contribución como escritor, tradutor e pensador.

Un ollo de vidro: Lectura e Magosto no Ágora

Venres, 31 de outubro – 19.30 h

A lectura pública de *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto*, obra publicada por Castelao en 1922, serviu para conmemorar o Día de Defuntos a través da literatura galega. O encontro foi coordinado pola Federación Galiza Cultura co apoio da Deputación da Coruña e contou coa participación de diversas asociacións da cidade, entre elas a A.C. Alexandre Bóveda. Ao remate da lectura, a celebración continuou cun magosto no campo de chave, organizado coa colaboración da Asociación Os Mariñeiros.



Estrea do documental *Meirás, cambio de relato*

Luns, 3 de novembro – 20.00 h



A nosa entidade acolleu a presentación do documental *Meirás, cambio de relato*, unha peza audiovisual promovida pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo. O filme, de arredor de media hora de duración, aborda o proceso social e institucional que permitiu recuperar o Pazo de Meirás para o patrimonio público. A obra recolle testemuños de persoas fundamentais nesta loita, como Carlos Babío, Manuel Monge, Silvia Seixas e Juan Pérez Babío. A actividade realizouse en colaboración coa Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e coa A.C. Irmáns Suárez Picallo.

Concerto de zanfona en homenaxe a Isaac Díaz Pardo

Mércores, 5 de novembro – 19.30 h

A Real Academia de Belas Artes dedicou o Día das Artes Galegas 2025 a Isaac Díaz Pardo e a nosa entidade sumouse a esta celebración organizando un acto especial. O concerto levou por título *Concerto de zanfona (1946)*, en lembranza dunha das obras máis significativas do artista, e contou coa interpretación musical de Miro Casabella. Xunto a el participou tamén a historiadora da arte Rosario Sarmiento, quen fixo un breve percorrido polas creacións plásticas de Díaz Pardo, deténdose en obras como *O discurso*, *Os afogados* e *Concerto da zanfona*.



Pensando o Futuro: *Galiza, un país desnortado e minguante*

Xoves, 6 de novembro - 19.30 h



No marco do ciclo Pensando o Futuro desenvolveuse unha palestra de Albino Prada baixo o título *Galiza, un país desnortado e minguante*, inspirado no seu libro publicado pola Universidade de Vigo en 2024. O economista abordou o declive demográfico e económico que afecta o país, sinalando a perda de poboación moza e o estancamento do crecemento como síntomas dun modelo esgotado. Analizou os factores que explican esta situación e defendeu a necesidade dunha planificación estratéxica que aproveite os recursos e o potencial de Galiza para reverter a tendencia.

Nao Cetácea: Unha performance poética sobre a resistencia mariñeira

Venres, 7 de novembro - 19.30 h

Xosé Iglesias presentou unha performance poética e audiovisual na que combinou a creación plástica en directo coa proxección dunha peza gravada a bordo do seu pesqueiro *Primero Villar*. A intervención, centrada na resistencia mariñeira e no vínculo co mar, formulouse como un canto poético e visual a un oficio en perigo, seguindo o ronsel de autores como Manoel Antonio. Durante o acto proxectáronse videopoemas inspirados nos seus poemarios anteriores e presentouse o álbum ilustrado *Nao Cetácea*, un libro de resistencia mariñeira que une palabra e imaxe para retratar a cultura do mar galego.



Cafés Feministas: Estannos a recortar dereitos?

Sábado, 8 de novembro - 12.00 h



O encontro de Cafés Feministas, baixo o título *Estannos a recortar dereitos?*, centrouse no debate sobre o contexto actual, no que se cuestionan as políticas de igualdade, as leis que supoñen avances en dereitos para as mulleres e cuestións relacionadas coa súa autonomía. As participantes reflexionaron sobre se se trata dunha casualidade ou dunha reacción patriarcal e compartiron diferentes estratexias de resposta colectiva. O debate desenvolveuse nun formato aberto, sen necesidade de inscrición previa.

Presentación de *O practicante rural*

Luns, 10 de novembro – 20.00 h

Xoán Rubia presentou *O practicante rural*, unha obra na que recolle tres décadas de experiencias como profesional da sanidade no rural galego. A través dun narrador que segue os pasos do protagonista, o autor reconstrúe con lucidez e ironía o día a día dun oficio marcado pola dedicación, o illamento e a precariedade. O libro é ao tempo testemuño e memoria, unha homenaxe aos profesionais da saúde e un retrato das transformacións sociais e sanitarias das últimas décadas. O limiar está asinado por Antonio Campos Romay. Estivo tamén presente Cándido Barral.



Presentación de *Sanfermines de 1978: Los victimarios*

Mércores, 12 de novembro – 19.30 h



O libro *Sanfermines de 1978: Los victimarios*, de Sabino Cuadra Lasarte, foi presentado nun acto organizado polo Foro Cívico da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda. A obra analiza os feitos acontecidos durante os sanfermíns de 1978, cando a policía española abriu fogo contra a multitude na praza de touros de Iruñea, causando a morte de Germán Rodríguez e, días despois, de Joseba Barandiarán en Donostia. O autor identifica responsabilidades políticas e policiais, denuncia a impunidade dos feitos e reivindica a memoria, a verdade e a xustiza para as vítimas.

Outras historias do cinema: Pier Paolo Pasolini

Xoves, 13 de novembro – 19.30 h

No marco do ciclo "Outras historias do cinema", Martin Pawley ofreceu unha conferencia sobre Pier Paolo Pasolini, cincuenta anos despois do seu asasinato. Durante a sesión explorouse a figura deste creador singular, combinando xenialidade, conciencia crítica e empatía humanista, e destacou o seu impacto na cultura do século XX. Pawley, como produtor, crítico e programador de cinema, achegou unha visión profunda do legado de Pasolini, rendendo tributo á súa obra cinematográfica e literaria e reflexionando sobre as incógnitas que rodean a súa traxectoria e desaparición.



Inauguración da exposición *A Arte de Vagar*, de Daniel Remeseiro

Venres 14 de novembro - 19.30 h



Inaugurouse a exposición *A Arte de Vagar*, de Daniel Remeseiro, unha proposta que convida á reflexión sobre a relación entre a paisaxe e a identidade humana. As obras estruturáronse como un diálogo visual entre o "Bosque" e o "Retrato", símbolos da natureza e da experiencia interior do observador. O autor presentou o vagar como un proceso transformador no que a contemplación da natureza permite fragmentarse e reconstruírse cunha nova conciencia. A mostra destacou así a importancia de camiñar e sentir como actos de conexión emocional, ecolóxica e persoal.

Tertulia: 25 anos en marcha pola vida das mulleres

Sábado, 15 de novembro - 11.30 h

A tertulia «25 anos en marcha pola vida das mulleres», organizada pola Marcha Mundial das Mulleres, reuniu compañeiras de diferentes xeracións nun espazo de encontro e partilla arredor das súas experiencias. A actividade serviu para revisar vinte e cinco anos de loita feminista na cidade e na comarca, recoñecendo o camiño percorrido e o papel das mulleres que contribuíron a construír unha historia común de compromiso, solidariedade e defensa da vida das mulleres.



O barrio en feminino, unha experiencia educativa

Luns, 17 de novembro - 20.00 h



Proxectouse a curta documental *O barrio en feminino, unha experiencia educativa*, realizada polo alumnado do CEIP Concepción Arenal coa colaboración dos mestres Pepe Antas e Davinia Tomé e da cineasta Cristina de la Torre. A obra recolle o proxecto homónimo iniciado en 2018, no que o alumnado percorre os barrios de Catro Camiños e Oza en clave feminista, redescubriendo a súa contorna e a pegada das mulleres a través do rueiro. No acto participaron tamén a Biblioteca de Estudos Locais e Ana Romero, do Instituto Xosé Cornide.

Pensando o Futuro: Desafíos ante a violencia sexista nas redes e a manosphere

Mércores, 19 de novembro - 19.30 h

A socióloga Iria Vázquez Silva protagonizou unha nova sesión do ciclo *Pensando o Futuro*, centrada nos desafíos ante a violencia sexista nas redes e a manosphere. Na súa intervención analizou o crecemento dos discursos machistas, negacionistas e antifeministas no espazo dixital, así como os mecanismos de odio e manipulación que se articulan en foros e comunidades en liña. A súa reflexión ofreceu ferramentas para comprender e combater estas novas formas de violencia machista que se espallan no ámbito virtual.



Revisar os marcos: Os negacionismos

Xoves, 20 de novembro - 19.30 h



Nesta sesión do ciclo *Revisar os marcos*, realizada en colaboración coa Fundación Luzes, abordouse o avance dos negacionismos e o impacto que teñen na sociedade actual. Reflexionouse sobre discursos que negan o cambio climático, cuestionan a ciencia ou alimentan prexuízos fronte ás persoas migrantes. Intervíñeron Marcos Pérez Maldonado, vicepresidente da Asociación Española de Comunicación Científica e director dos Museos Científicos do Concello da Coruña, e Martin Pawley, crítico e programador de cinema e divulgador científico especializado en astronomía.

Presentación de *A ditadura portuguesa contra Castela*

Venres, 21 de novembro - 19.30 h

Presentouse o libro *A ditadura portuguesa contra Castela*, de Antonio Iglesias Mira, unha obra que afonda na pegada de Castela en Portugal e na represión exercida pola ditadura salazarista contra o teatro que se inspiraba nel. O autor reconstrúe o contexto da Crise Académica de 1969 en Coímbra e a censura do espectáculo dirixido por Ricard Salvat, no que se unían as ideas de Brecht coa arte de Castela, Seoane e Díaz Pardo. No acto, Iglesias Mira estivo acompañado por María Xosé Silvar, Sés, quen dialogou sobre a actualidade do seu legado cultural e político.



Roteiro literario: *Diario de Syra. Espazos da miña vida*

Sábado, 22 de novembro - 12.00 h



Realizamos o roteiro literario "Diario de Syra: Espazos da miña vida", unha actividade coa guía de Patricia Angulo, David Lozano e Carmela Galego. Neste percorrido polos espazos vitais e literarios de Syra Alonso, analizamos a súa memoria como "Muller Muro". Seguimos os seus pasos desde Liáns ata a contorna do faro, reflexionando sobre como camiñar pode ser terapéutico e como a escrita cauteriza feridas. Foi unha andaina chea de luz e serenidade para transformar as rúas en palabras e narracións, recuperando a valente historia de Syra e Francisco Miguel.

Presentación de *Cúan lonxe, canto! O legado poético de Sir John Moore*

Luns, 24 de novembro - 20.00 h

Presentouse o libro *Cúan lonxe, canto! O legado poético de Sir John Moore*, unha edición bilingüe de David Clark publicada por Medulia Editorial. A obra afonda na conexión entre o xeneral escocés Sir John Moore, o poeta irlandés Charles Wolfe e Rosalía de Castro, e propón unha reflexión sobre as relacións culturais entre Escocia, Irlanda e Galicia. Durante o acto, David Clark explicou o contexto histórico e literario do volume e comentou a participación de poetas galegos contemporáneos nesta homenaxe colectiva.



Astronomía no Sahara

Mércores, 26 de novembro - 19.30 h



Tivemos unha presentación sobre a astronomía no Sahara da man de Andrea Rodríguez Antón. Explicouse como, lonxe de ser un territorio hostil, o deserto foi habitado durante milenios por grupos nómades que observaron o impresionante ceo que domina a paisaxe. A relatora, doutora en astrofísica e investigadora do INCIPIT (Instituto de Ciencias do Patrimonio), fixo un achegamento ao patrimonio astronómico do Sahara Occidental, analizando os vestixios arqueolóxicos e as voces que aínda gardan memoria do papel da astronomía nos labores cotiáns e estacionais.

Pensando o Futuro: *Olladas críticas sobre política lingüística e migración*

Xoves, 27 de novembro - 19.30 h

O ciclo *Pensando o Futuro* acolleu a visita de Renée DePalma Ungaro, quen ofreceu unhas olladas críticas sobre política lingüística e migración. A profesora da Universidade da Coruña e coordinadora do grupo ECIGAL abordou a problemática do descenso na transmisión interxeracional do galego e o papel crucial da educación e da poboación migrante na vitalidade da lingua. A sesión permitiu reflexionar sobre a normalización lingüística desde unha perspectiva integradora, baseada na súa ampla traxectoria investigadora en contextos galegos e internacionais.



Cineclub Bóveda: *Cinco cartuchos* (Frank Beyer, 1960)

Venres, 28 de novembro - 19.30 h




O Cineclub Bóveda proxectou *Cinco cartuchos* (1960), o filme que lle deu fama e prestixio ao director Frank Beyer. Esta obra, realizada na Alemaña do Leste, supón un magnífico achegamento á Guerra Civil española. A fita narra a peripecia de cinco membros das brigadas internacionais que deben transportar unha importante mensaxe baixo a ameaza do inimigo fascista e as duras condicións do territorio. A proxección permitiu gozar dun singular western bélico, non moi afastado do espírito do mellor John Ford.

Curso de introdución á astronomía

Sábado, 29 de novembro - 18.00 h

Tivo lugar un curso de Introducción á Astronomía, impartido por Martin Pawley, membro da Agrupación Astronómica Coruñesa Ío. As persoas asistentes aprenderon a manexar un planisferio celeste, que lles foi entregado, para recoñecer constelacións e orientarse no ceo. Tamén se afondou no coñecemento sobre as estrelas, a súa formación e evolución, e sobre os corpos que forman o noso sistema solar. O curso abordou, ademais, o problema da contaminación luminosa e o seu impacto na natureza e na observación astronómica.



Presentación do libro *Por qué non hei de cantar?*

Luns, 1 de decembro - 20.00 h



A presentación do libro *Por que non hei de cantar?*, de Leticia Eirín e Xosé Manuel Sánchez Rei, reuniu diversas voces arredor do legado das mulleres na transmisión da tradición oral galega. A obra, publicada polo Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña co gallo do Día das Letras Galegas 2025, recolle unha escolma de cantares das áreas da Coruña e Ferrol. No acto participaron tamén M.^ª Cristina Naya Riveiro, Cristina López Villar e Inma Doval Porto, quen acompañaron a autora e o autor na presentación.

28 Memorial Ibán Toxeiro: festexemos a Manuel María

Mércores, 3 de decembro - 20.30 h

O Teatro Rosalía de Castro albergou a 28.^a edición do Memorial Ibán Toxeiro, baixo o lema *Toxos e tabernas: festexemos a Manuel María*. Esta entrega, centrada na faceta dramática do autor e nas súas trinta e seis pezas, estivo conducida por Sabela Hermida e contou coas actuacións de Alexandre Bóveda Teatro e da compañía Galeatro con Xarope Tulú. Durante o acto entregouse o Premio de Honra Lino Braxe á Fundación Manuel María, recoñecendo o seu labor na difusión da obra do escritor e a creación do Certame de Proxectos Teatrais.



Outras historias do cinema: Os filmes de László Krasznahorkai

Xoves, 4 de decembro - 19.30 h



Dentro do ciclo *Outras historias de cinema*, o produtor e crítico Martin Pawley ofreceu unha sesión dedicada aos filmes de László Krasznahorkai. Co gallo da súa distinción co Premio Nobel de Literatura, a actividade afozou na pegada cinematográfica do autor húngaro, fundamentalmente como colaborador habitual do director Béla Tarr desde 1988. Durante o encontro honrouse o sublime traballo conxunto que deu pé a obras mestras como *As harmonías Werckmeister* ou *O cabalo de Turín*, situando a Krasznahorkai na estela doutros grandes escritores vinculados á sétima arte.

Poesía en Gaza: obradoiro cartoneiro solidario con Palestina

Venres, 5 de decembro - 19.00 h

No mes de decembro a programación tinguiuse de solidariedade co obradoiro cartoneiro "Poesía en Gaza". Da man do colectivo "Coser a ferida", integrado por Inma Doval e Emma Pedreira, e máis da editora Nomelibro Nilointento, organizouse unha sesión de creación artesanal arredor da figura de Nasser Rabah. As persoas participantes pintaron e encadernaron a antoloxía *Un sexto dedo en cada man*, adquirindo o libro por un prezo simbólico que se enviou integramente ao poeta palestino, unindo así a artesanía editorial co compromiso humanitario.



Visita guiada á exposición *A Barca de Caronte*

Martes, 9 de decembro - 17.30 h



No ano en que a Real Academia Galega de Belas Artes dedicou o Día das Artes Galegas a Isaac Díaz Pardo, organizamos unha visita á exposición *A BARCA DE CARONTE* no Museo de Belas Artes. Tivemos o privilexio de contar co comisario da mostra e fillo do homenaxeado, Xosé Díaz Arias, como guía de excepción. A través de cinco seccións, percorremos a travesía vital do intelectual galeguista, desde os seus inicios pictóricos ata a súa etapa industrial e de deseño, destacando o legado do Laboratorio de Formas e a recuperación da memoria histórica de Galicia.

Margot Sponer: memoria, filoloxía e resistencia antifascista

Venres, 12 de decembro - 19.30 h

Recuperamos e honramos a memoria de Margot Sponer nunha xornada que uniu literatura e historia. Da man de Antón Figueroa e Óscar Losada, afondamos na biografía desta muller excepcional, filóloga do galego antigo e resistente antifascista asasinada polas SS. Os relatores presentaron un ensaio e unha novela gráfica que dialogaron para reconstruír a súa traxectoria, desde o traballo de campo en Galicia ata o seu compromiso político en Berlín, reivindicando a vixencia do seu exemplo de dignidade e amor pola nosa cultura.



Cafés feministas: Homes e rapaces, están con nós?

Sábado, 13 de decembro - 12.00 h



O local da asociación acolleu unha nova sesión dos Cafés Feministas baixo o título «Homes e rapaces, están con nós?». Neste encontro debateron sobre a participación masculina na loita pola igualdade e as interrogantes que esta suscita. Analizouse a súa presenza real nos espazos feministas, cuestionando se a súa intención é participar ou dirixir, e reflexionouse colectivamente sobre o lugar que deben ocupar os compañeiros para contribuír eficazmente sen eclipsar as mulleres.

Presentación de *Supermercado Carmiña*

Luns, 15 de decembro - 20.00 h

A novela *Supermercado Carmiña* protagonizou un encontro literario co seu autor, Celestino Pérez Recarey, acompañado polo tamén docente Antón Amil. Nesta presentación viaxouse ata a ficción de Casal do Río para coñecer a historia da protagonista e o inesperado regreso dun amor de xuventude ao seu establecemento. O autor compartiu as claves desta obra que mestura a nostalgia coa vida cotiá, nunha velada onde se puxo en valor a memoria sentimental e a importancia dos espazos que vertebran as nosas vilas.



Cantar a Nación

Mércores, 17 de decembro - 19.30 h



No mes de decembro, a asociación participou na conmemoración do 118 aniversario da estrea do himno nacional, acto coorganizado canda Vía Galega e Galiza Cultura. A convocatoria, desenvolvida fronte ao Teatro Rosalía de Castro coa colaboración de Cántigas da Terra, serviu para valorar o himno como ferramenta de cohesión e identidade. Púxose o foco na recuperación do texto orixinal de Eduardo Pondal, unindo aos asistentes nun canto colectivo que reafirmou a nosa vontade de existir como pobo e a autoestima nacional.

Revisar os marcos: A videomemoria do cambio

Xoves, 18 de decembro - 19.30 h

Neste novo encontro do ciclo "Revisar os marcos", organizado canda a Fundación Luzes, afondamos na videomemoria do cambio en Galicia. Centrámomos no traballo da produtora Espello Vídeo Cine, que documentou unha etapa clave do país nos anos 80. Grazas á dixitalización dos seus fondos, recuperáronse máis de 400 horas de material histórico esencial. Para abordar este legado, conversamos con Xosé Manuel Sande, programador do CGAI, e Xoan Xosé Cabanas Cao, cofundador da produtora e artífice desta recuperación.



Cineclub Bóveda: *Eolomea*

Venres, 19 de decembro - 19.30 h



Na sesión mensual do Cineclub Bóveda proxectouse *Eolomea* (1972), de Herrmann Zschoche. Esta actividade supuxo a cuarta entrega do ciclo de cinema alemán desenvolvido en colaboración co Instituto Goethe. A fita, considerada un dos mellores exemplos da ciencia ficción producida no leste nos anos 70, permitiu afondar en como a fantasía espacial servía nese contexto para reflexionar sobre problemas sociais cotiáns, dialogando con outras obras de culto da época como as de Tarkovsky.

Presentación da revista *reNOVA GALiza*

Sábado 20 de decembro - 19.30 h

O Foro Cívico Galego de Barcelona presentou na nosa sede o número extra triplo (5, 6 e 7) da revista anuario *reNOVA GALiza*. Este volume de 366 páxinas, estruturado en dous dossieres temáticos, aborda a realidade da diáspora galega e o proceso de soberanía catalá, ademais de incluír un caderno conmemorativo polo 25 aniversario da entidade. O acto contou coa participación de Antón F. Escuredo, Uxío Meis e Camilo F. Valdehorras, quen debullaron os contidos desta obra coral con máis de 80 colaboracións, reafirmando as pontes entre ambas as nacións.



Pedras Vivas nas biblios

Luns, 22 de decembro – 18.00 h



A compañía Noite Bohemia, gañadora do premio nacional de teatro clásico, representou a peza *Pedras Vivas* na Biblioteca Municipal de Monte Alto. Esta actividade, organizada xunto á nosa Agrupación, trasladou ao público á Coruña de 1920 para reivindicar os xardíns da literatura e a historia das bibliotecas municipais. A intervención teatral completouse coa distribución de materiais didácticos elaborados polo noso equipo educativo, cumprindo co obxectivo de achegar a cultura e a nosa historia aos barrios da cidade.

Ocupación e xenocidio en Palestina

Martes, 23 de decembro – 19.30 h

O oftalmólogo e activista palestino Mohamed Safa impartiu unha palestra na que realizou unha fonda análise sobre o xenocidio en Gaza e a ocupación histórica que sofre o seu pobo. Durante a sesión, presentada polo xornalista Ubaldo Cerqueiro, avaliouse a situación xeopolítica actual e o plan de paz de Trump. O acto, organizado xunto co Sindicato de Estudantes, UDCxPalestina e a Rede Acampa, permitiu aos asistentes coñecer de primeira man a dura realidade de Oriente Próximo grazas a esta voz autorizada.



Eclipses no cinema

Luns, 29 de decembro – 19.30 h



Despedimos o ano mirando ao ceo e á gran pantalla nunha sesión especial celebrada no Planetario da Casa das Ciencias. En colaboración coa Agrupación Astronómica Coruñesa Ío, analizouse a representación das eclipses na historia do cinema, servindo como preámbulo á gran eclipse total de sol que viviremos en 2026. O público puido gozar de exemplos cinematográficos notables, como a eclipse real filmada en *Barrabás*, nunha xornada que mesturou a divulgación científica coa análise artística nunha contorna única.

CREACIÓN DE CONTIDOS E PROXECTOS DIXITAIS

As nosas webs: Memoria e cultura en rede.

Na AC Alexandre Bóveda entendemos a cultura non só como consumo, senón como creación activa. Por iso, mantemos e alimentamos catro grandes proxectos dixitais colaborativos que serven de arquivo e faro para a cidadanía:



<https://acalexandreboveda.gal>

É a casa dixital da Agrupación e a nosa canle prioritaria de comunicación. Nela centralizamos a axenda, as novas, os comunicados e a información institucional, servindo de escaparate diario do noso compromiso coa cultura.



<https://acorunhadasmulleres.gal>

Desde hai tempo vimos denunciando a exclusión das mulleres do relato histórico e da memoria oficial. É por iso que seguimos a construír, de modo colectivo e cooperativo, un fondo documental, gráfico e audiovisual que serve de ferramenta útil para a información, a consulta e a investigación sobre a memoria feminina da nosa cidade.



<https://acorunhaliteraria.gal>

Consólídase o noso espazo dedicado á historia do libro e a lectura na Coruña. Unha web que busca poñer o foco sobre todo o que a cidade ten feito neste eido, contando unha historia de pioneiras e poñendo luz sobre o noso pasado e presente literario.



<https://ollovidro.gal>

O noso sitio colectivo de fotografía mantén vivo o espírito do colectivo nado en 1985. Case corenta anos despois, este espazo web permite reactivar a actividade dun xeito anovado, servindo de escaparate para a creación audiovisual e o crecemento artístico dos nosos socios e socias.

ALMANAQUE DAS IRMANDADES

<https://almanaquedasirmandades.gal>

En colaboración coa AS-PG, seguimos a disponibilizar a nosa historia a través desta web de efemérides galegas, afondando na divulgación dos fitos que nos definen.

A ACAB NA REDE: TECENDO COMUNIDADE DIXITAL

Neste 2025, a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda reafirmou a súa posición como un referente da cultura galega no ecosistema dixital, consolidando a súa presenza como unha extensión natural do labor que desenvolvemos na rúa e na nosa sede. Máis alá de seren canles de información, as nosas redes funcionan hoxe como unha "universidade popular" na nube, permitindo que o noso compromiso coa lingua, o feminismo e a memoria histórica chegue a novos públicos e latitudes.

Radiografía da nosa Comunidade

A solidez da nosa base social dixital ao peche deste exercicio reflicte o gran respaldo social do que goza a entidade, sumando máis de 21.500 seguidores no conxunto das plataformas:

Plataforma	Seguidores / Subscricións	Perfil e Función
Facebook	11.000	O noso principal nodo de debate e interacción veciñal.
X (Twitter)	6.380	Espazo de opinión, actualidade e activismo social.
Instagram	3.714	Divulgación visual e conexión coas xeracións máis novas.
BlueSky	239	Aposta estratéxica pola soberanía dixital e redes descentralizadas.
YouTube	239	Videoteca histórica onde preservamos a memoria das nosas palestras.

Impacto e visibilidade

A estratexia de comunicación permitiu que o noso labor tivese un alcance histórico neste último período:

- Alcance Global: Superamos os 116.500 impactos (impresións) totais, o que supón un incremento do 10,7% respecto ao ano anterior.
- Interacción Activa: Rexistramos máis de 7.200 interaccións (gústames, compartidos e comentarios), demostrando que os nosos contidos xeran un interese real e participación na sociedade civil.
- Eficacia Visual: Só en Instagram logramos máis de 47.000 impresións, confirmándose como unha canle vital para a visibilidade do noso patrimonio cultural.

Eixes estratéxicos: Máis que datos, compromiso

Toda a nosa actividade dixital está guiada polos piares fundacionais que nos definen desde 1976:

- Normalización Lingüística: O uso exclusivo do galego en todas as plataformas como exercicio de dignificación e soberanía do noso idioma.
- Faro da Memoria: As redes son o altofalante para a recuperación histórica e a conmemoración do Día da Galiza Mártir.
- Feminismo Transversal: Promoción constante de proxectos de visibilización como "A Coruña das Mulleres".
- Tecendo Redes: Funcionamos como un nodo que conecta e amplifica o activismo doutras entidades irmás da cidade e do país.

Conclusión: Estes números son a proba de que a mensaxe de Alexandre Bóveda e o pulo da cultura de base teñen máis vixencia que nunca. Cada novo seguidor é un facho máis que axuda a sementar conciencia e liberdade na nosa sociedade.

ESPAZOS DE ENCONTRO E DEBATE

Os nosos clubs de lectura

O fomento da lectura crítica e en galego é un dos piares da nosa actividade diaria. Mantemos dous espazos de reunión estables que enchen a nosa sede de debate dúas veces ao mes:

Club de Literatura Universal

Coordinado por Xoán Costa, este espazo céntrase en grandes obras escritas ou traducidas ao galego e portugués, permitíndonos viaxar a través das letras sen abandonar a nosa lingua.



Club Elas (Lecturas Feministas)

Baixo a coordinación de Cristina Bajo, este grupo quincenal afonda no ensaio e na novela desde unha perspectiva de xénero, creando un espazo necesario para o pensamento crítico feminista.



EXPRESIÓN ARTÍSTICA

Grupo de teatro ACAB

O noso grupo de teatro amateur é un dos corazóns da entidade, con máis de vinte e cinco anos de traxectoria ininterrompida. Un ano máis, o grupo mantivo a súa actividade estable, sendo un referente na cidade que une a tradición afeccionada coa profesional. Este espírito celebrouse na 28ª edición do noso querido "Memorial Ibán Toxeiro", que este ano estivo dedicada ao teatro de Manuel María, rendendo homenaxe á súa obra dramática fundamental.



Espazo expositivo

A nosa sede funciona tamén como unha galería aberta á creatividade. Contamos cun espazo expositivo que acolle ao longo do ano arredor de sete ou oito mostras de artistas plásticos e visuais. Pintura, fotografía, ilustración e colaxe atopan nas nosas paredes un lugar onde dialogar co público.



MEMORIA HISTÓRICA E VÍNCULOS COA DIÁSPORA

Memoria histórica

Faro da Memoria Histórica e Compromiso Democrático A recuperación da memoria segue a ser un eixe irrenunciable da nosa identidade. Co 17 de agosto, Día da Galiza Mártir, como data central, organizamos actos de homenaxe e conferencias para dignificar as vítimas do franquismo e reivindicar verdade e xustiza. Este compromiso reflíctese na nosa participación activa nas Xornadas sobre Memoria da Deputación da Coruña e na estreita colaboración con entidades memorialistas como a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica (CRMH) da Coruña, tecendo redes para combater o esquecemento.



A Galiza Exterior

Castelao e a Galiza Exterior: O vínculo co exilio Este ano reforzamos os lazos coa nosa diáspora a través de Marisol García, da nosa presidencia colexiada, e a colaboración co IGADI. Participamos no seu especial do Ano Castelao co artigo "Olla meu irmán honrado o que acontece con Daniel..." e formamos parte do faladoiro televisivo do IGADI, conectando nun debate aberto con diversas entidades galegas da Arxentina e Galiza. Estas accións serviron para reivindicar o legado do galeguismo no exilio e manter vivo o vínculo cultural coa "outra beira" do mar.



TECENDO REDES

Facemos parte do tecido asociativo

Non estamos sós. A forza da AC Alexandre Bóveda reside tamén na súa capacidade de artellar movemento xunto a outros colectivos. Orgullosamente, facemos parte de Galiza Cultura (Federación de asociacións culturais) e da plataforma social Vía Galega, defendendo os dereitos nacionais e culturais de Galiza.



A NOSA VOZ NAS ONDAS: RADIO

Seguimos nas ondas a través de Cuac FM. O noso magazine cultural semanal, "Recendo", continúa a ser un altofalante para a cultura galega. Grazas ao traballo voluntario do noso equipo de locución e produción, levamos a actualidade e a nosa visión do mundo máis alá das paredes da asociación.



CANTOS NA TABERNA

Unha das actividades estables incorporadas recentemente á nosa programación é o grupo de Cantos na Taberna. Con citas fixas todos os luns, este espazo naceu para fomentar a música popular e o encontro entre socios e socias. Ademais de ser un punto de reunión semanal, o grupo participa activamente tanto nos actos propios da nosa asociación como noutras actividades e eventos culturais nos que somos convidados, reforzando así o noso compromiso coa cultura de base.



CLUB DE XADREZ

O xogo e a estratexia tamén teñen o seu lugar na ACAB. O noso Club de Xadrez, cunha traxectoria de máis de 25 anos, segue a ser o punto de encontro tanto para quen quere iniciarse nesta disciplina como para quen busca perfeccionar o seu xogo.

CULTURA E EDUCACIÓN: UNHA OLLADA ACADÉMICA

A Agrupación Cultural Alexandre Bóveda entende que a semente da conciencia debe chegar tamén aos espazos formais de aprendizaxe. Durante este 2025, o noso compromiso coa educación manifestouse a través de colaboracións estratéxicas que sitúan á nosa entidade como un referente para o profesorado e o alumnado galego.

- **Formación de Profesorado (UDC):** Consolidamos por segundo ano consecutivo a nosa colaboración co Mestrado de Formación do Profesorado (especialidade de Lingua e Literatura) da Universidade da Coruña. Neste curso, participamos activamente na formación didáctica sobre deseño e execución de roteiros educativos, compartindo a nosa experiencia na creación de itinerarios que conectan o territorio coa memoria literaria e histórica.
- **Xornadas "Fai Memoria":** O 18 de xaneiro fomos convidadas pola Deputación da Coruña a participar nas xornadas pedagóxicas dirixidas ao profesorado de Educación Secundaria. Nestas sesións, achegamos ferramentas para traballar a memoria histórica nas aulas, poñendo en valor o papel das asociacións culturais como axentes de reparación e divulgación.
- **Investigación en Socioloxía (UDC):** Durante o primeiro cuadrimestre do curso 25/26, a Facultade de Socioloxía da UDC puxo o foco no noso proxecto asociativo. A través de distintas colaboracións, analizouse o impacto que a ACAB ten no tecido sociocultural galego, recoñecendo o noso papel como nodo vertebrador da sociedade civil coruñesa e como laboratorio de novas formas de xestión cultural.



2026: O HORIZONTE DO NOSO 50 ANIVERSARIO

Pechar esta memoria de actividades do ano 2025 supón celebrar **49 anos** de compromiso ininterrompido coa lingua e a cultura galega. O que comezou en 1976 como un acto de afirmación e resistencia democrática, é hoxe un proxecto plenamente vixente que encara a súa madurez con enerxía renovada.

Neste último exercicio, demos un paso decisivo coa **reforma dos nosos Estatutos**, que permitiu a posta en marcha da **presidencia colexiada**. Esta nova estrutura reafirma a nosa aposta pola horizontalidade, garantindo que a dirección sexa un reflexo plural da nosa base social.

Todo o labor recollido nestas páxinas articúlase arredor dos piares que conforman o noso ADN:

- **A defensa e promoción da lingua e a literatura**, como columna vertebral da nosa actividade.
- **O labor como faro da memoria histórica**, reivindicando a verdade e a xustiza.
- **Un feminismo activo e transversal**, un compromiso presente dende a nosa fundación.
- **A solidariedade internacionalista**, con apoio firme a causas como a de Palestina e outros pobos en loita.
- **A cooperación co tecido asociativo**, actuando como un nodo que conecta a entidades sociais e culturais de Galicia.

Queremos agradecer o voso apoio e a vosa confianza un ano máis. Seguide na nosa compañía, porque o **2026** será un ano excepcional. Celebraremos o noso **50 aniversario** – medio século sementando conciencia– nun tempo que virá marcado tamén polo simbolismo do eclipse.

Cincuenta anos despois, o facho que acendemos en 1976 brilla con máis forza ca nunca cara ao futuro de Galiza.

